

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente

Resolución n.º 2020/24109, de data 07 de agosto de 2020, pola que se modifica a resolución de Presidencia n.º 2020/23462, de data 31 de xullo de 2020, pola que se avoca a competencia para aprobar as bases reguladoras das axudas PEL- Reactiva

SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL E MEDIO AMBIENTE

ANUNCIO

PEL-REACTIVA: FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA

RESOLUCIÓN N.º 2020/24109 DE DATA 07 DE AGOSTO DE 2020 POLA QUE SE MODIFICA A RESOLUCIÓN DE PRESIDENCIA N.º 2020/23462 DE DATA 31 DE XULLO DE 2020 POLA QUE SE AVOCA A COMPETENCIA PARA APROBAR AS BASES REGULADORAS DAS AXUDAS PEL- REACTIVA: FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

RESOLVO:

Modificar a resolución número 2020/23462 de data 31 de xullo de 2020, pola que se avoca a competencia para aprobar as bases reguladoras das axudas PEL- REACTIVA: FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA, no sentido de:

1.–Onde dí:

Tendo en conta a necesidade dos/as beneficiarios/as de planificar con antelación suficiente a realización das contratacións/investmentos obxecto da convocatoria e que a próxima Xunta de Goberno ten como data prevista para a súa realización o día 07 de febreiro de 2020,

Debe dicir:

Tendo en conta a necesidade dos concellos destinatarios de planificar con antelación suficiente a realización das actuacións obxecto da convocatoria e que a próxima Xunta de Goberno ten como data prevista para a súa realización o día 21 de agosto de 2020.

2.–Incluír os seguintes anexos que forman parte das citadas bases:

ANEXO I

DISTRIBUCIÓN DO FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA

CONCELLO	AUTÓNOMOS/MICROEMPRESAS MUNICIPIOS DE MENOS DE 50.000 HABS. (1)				PORCENTAXE SOBRE TOTAL AUTÓNOMOS/MICRO-EMPRESAS MUNICIPIOS DE MENOS DE 50.000 HABS.	ACHEGA DEPUTACIÓN (80%)	ACHEGA MUNICIPAL (20%)	IMPORTE A XUSTIFICAR
	De 0 a 2 asalariados	De 3 a 5 asalariados	De 6 a 9 asalariados	Total				
Abegondo	315	29	15	359	0,697697	69.769,70 €	17.442,43 €	87.212,13 €
Ames	2.117	206	75	2.398	4,660383	466.038,29 €	116.509,57 €	582.547,86 €
Aranga	96	12	1	109	0,211836	21.183,56 €	5.295,89 €	26.479,45 €
Ares	261	29	7	297	0,577203	57.720,34 €	14.430,08 €	72.150,42 €
Arteixo	1.939	241	103	2.283	4,436887	443.688,66 €	110.922,16 €	554.610,82 €

Arzúa	463	35	22	520	1,010592	101.059,18 €	25.264,79 €	126.323,97 €
Baña, A	142	9	5	156	0,303178	30.317,75 €	7.579,44 €	37.897,19 €
Bergondo	652	84	80	816	1,585852	158.585,17 €	39.646,29 €	198.231,46 €
Betanzos	1.100	115	41	1.256	2,440968	244.096,78 €	61.024,20 €	305.120,98 €
Boimorto	109	7	2	118	0,229327	22.932,66 €	5.733,16 €	28.665,82 €
Boiro	1.177	153	45	1.375	2,672238	267.223,79 €	66.805,95 €	334.029,73 €
Boqueixón	272	38	7	317	0,616072	61.607,23 €	15.401,81 €	77.009,04 €
Brión	355	29	10	394	0,765718	76.571,76 €	19.142,94 €	95.714,70 €
Cabana de Bergant.	256	24	8	288	0,559712	55.971,24 €	13.992,81 €	69.964,05 €
Cabanas	202	28	10	240	0,466427	46.642,70 €	11.660,67 €	58.303,37 €
Camariñas	382	30	10	422	0,820134	82.013,41 €	20.503,35 €	102.516,76 €
Cambre	1.506	184	72	1.762	3,424351	342.435,14 €	85.608,78 €	428.043,92 €
Capela, A	55	6	1	62	0,120494	12.049,36 €	3.012,34 €	15.061,70 €
Carballo	2.458	261	114	2.833	5,505782	550.578,18 €	137.644,54 €	688.222,72 €
Cariño	251	16	3	270	0,524730	52.473,03 €	13.118,26 €	65.591,29 €
Carnota	231	15	2	248	0,481975	48.197,45 €	12.049,36 €	60.246,82 €
Carral	395	46	24	465	0,903702	90.370,23 €	22.592,56 €	112.962,78 €
Cedeira	516	38	13	567	1,101934	110.193,37 €	27.548,34 €	137.741,72 €
Cee	659	79	30	768	1,492566	149.256,63 €	37.314,16 €	186.570,79 €
Cerceda	310	28	15	353	0,686036	68.603,63 €	17.150,91 €	85.754,54 €
Cerdido	63	6	4	73	0,141872	14.187,15 €	3.546,79 €	17.733,94 €
Coirós	94	13	11	118	0,229327	22.932,66 €	5.733,16 €	28.665,82 €
Corcubión	105	11	5	121	0,235157	23.515,69 €	5.878,92 €	29.394,62 €
Coristanco	354	37	13	404	0,785152	78.515,21 €	19.628,80 €	98.144,01 €
Culleredo	1.704	240	105	2.049	3,982120	398.212,03 €	99.553,01 €	497.765,04 €
Curtis	344	36	22	402	0,781265	78.126,52 €	19.531,63 €	97.658,15 €
Dodro	122	14	6	142	0,275969	27.596,93 €	6.899,23 €	34.496,16 €
Dumbría	135	15	5	155	0,301234	30.123,41 €	7.530,85 €	37.654,26 €
Fene	602	68	29	699	1,358469	135.846,86 €	33.961,71 €	169.808,57 €
Fisterra	262	20	8	290	0,563599	56.359,93 €	14.089,98 €	70.449,91 €
Frades	132	12	5	149	0,289573	28.957,34 €	7.239,34 €	36.196,68 €
Irixoa	61	6	2	69	0,134098	13.409,78 €	3.352,44 €	16.762,22 €
Laracha, A	657	73	32	762	1,480906	148.090,56 €	37.022,64 €	185.113,21 €
Laxe	217	19	2	238	0,462540	46.254,01 €	11.563,50 €	57.817,51 €
Lousame	112	11	5	128	0,248761	24.876,11 €	6.219,03 €	31.095,13 €
Malpica de Bergantiños	446	23	10	479	0,930911	93.091,05 €	23.272,76 €	116.363,81 €
Mañón	67	4	3	74	0,143815	14.381,50 €	3.595,37 €	17.976,87 €
Mazaricos	236	21	7	264	0,513070	51.306,97 €	12.826,74 €	64.133,71 €
Melide	796	77	31	904	1,756875	175.687,49 €	43.921,87 €	219.609,37 €
Mesía	136	12	3	151	0,293460	29.346,03 €	7.336,51 €	36.682,54 €
Miño	407	22	11	440	0,855116	85.511,61 €	21.377,90 €	106.889,52 €
Moeche	83	9	1	93	0,180740	18.074,05 €	4.518,51 €	22.592,56 €
Monfero	104	10	2	116	0,225440	22.543,97 €	5.635,99 €	28.179,96 €
Mugardos	238	20	6	264	0,513070	51.306,97 €	12.826,74 €	64.133,71 €
Muros	457	49	14	520	1,010592	101.059,18 €	25.264,79 €	126.323,97 €
Muxía	279	20	8	307	0,596638	59.663,78 €	14.915,95 €	74.579,73 €

Narón	1.972	250	131	2.353	4,572928	457.292,78 €	114.323,20 €	571.615,98 €
Neda	241	27	8	276	0,536391	53.639,10 €	13.409,78 €	67.048,88 €
Negreira	468	60	8	536	1,041687	104.168,69 €	26.042,17 €	130.210,86 €
Noia	1.095	126	33	1.254	2,437081	243.708,09 €	60.927,02 €	304.635,12 €
Oleiros	2.152	171	86	2.409	4,681761	468.176,08 €	117.044,02 €	585.220,10 €
Ordes	982	120	51	1.153	2,240793	224.079,29 €	56.019,82 €	280.099,12 €
Oroso	492	42	20	554	1,076669	107.666,89 €	26.916,72 €	134.583,62 €
Ortigueira	432	31	16	479	0,930911	93.091,05 €	23.272,76 €	116.363,81 €
Outes	351	34	15	400	0,777378	77.737,83 €	19.434,46 €	97.172,29 €
Oza-Cesuras	255	27	5	287	0,557769	55.776,89 €	13.944,22 €	69.721,12 €
Paderne	123	8	5	136	0,264309	26.430,86 €	6.607,72 €	33.038,58 €
Padrón	809	94	40	943	1,832669	183.266,93 €	45.816,73 €	229.083,67 €
Pino, O	292	22	9	323	0,627733	62.773,30 €	15.693,32 €	78.466,62 €
Pobra do Caramiñal, A	566	61	22	649	1,261296	126.129,63 €	31.532,41 €	157.662,03 €
Ponteceso	401	32	14	447	0,868720	86.872,02 €	21.718,01 €	108.590,03 €
Pontedeume	503	51	13	567	1,101934	110.193,37 €	27.548,34 €	137.741,72 €
Pontes de García Rodríguez, As	661	71	32	764	1,484793	148.479,25 €	37.119,81 €	185.599,07 €
Porto do Son	520	49	11	580	1,127199	112.719,85 €	28.179,96 €	140.899,82 €
Rianxo	582	69	15	666	1,294335	129.433,49 €	32.358,37 €	161.791,86 €
Ribeira	1.640	191	76	1.907	3,706151	370.615,10 €	92.653,78 €	463.268,88 €
Rois	226	14	9	249	0,483918	48.391,80 €	12.097,95 €	60.489,75 €
Sada	1.028	99	38	1.165	2,264114	226.411,43 €	56.602,86 €	283.014,28 €
San Sadurniño	130	13	8	151	0,293460	29.346,03 €	7.336,51 €	36.682,54 €
Santa Comba	759	80	34	873	1,696628	169.662,81 €	42.415,70 €	212.078,52 €
Santiso	72	7	4	83	0,161306	16.130,60 €	4.032,65 €	20.163,25 €
Sobrado	100	12	7	119	0,231270	23.127,00 €	5.781,75 €	28.908,76 €
Somozas, As	57	11	3	71	0,137985	13.798,46 €	3.449,62 €	17.248,08 €
Teo	1.045	98	51	1.194	2,320474	232.047,42 €	58.011,86 €	290.059,28 €
Toques	47	7	4	58	0,112720	11.271,99 €	2.818,00 €	14.089,98 €
Tordoia	158	7	6	171	0,332329	33.232,92 €	8.308,23 €	41.541,15 €
Touro	167	13	6	186	0,361481	36.148,09 €	9.037,02 €	45.185,11 €
Trazo	149	8	4	161	0,312895	31.289,48 €	7.822,37 €	39.111,85 €
Val do Dubra	232	35	11	278	0,540278	54.027,79 €	13.506,95 €	67.534,74 €
Valdoviño	310	30	14	354	0,687980	68.797,98 €	17.199,49 €	85.997,47 €
Vedra	274	35	12	321	0,623846	62.384,61 €	15.596,15 €	77.980,76 €
Vilarmador	52	6	1	59	0,114663	11.466,33 €	2.866,58 €	14.332,91 €
Vilasantar	61	8	4	73	0,141872	14.187,15 €	3.546,79 €	17.733,94 €
Vimianzo	588	54	19	661	1,284618	128.461,76 €	32.115,44 €	160.577,20 €
Zas	411	35	12	458	0,890098	89.009,81 €	22.252,45 €	111.262,27 €
Total provincia A Coruña	44.835	4.698	1.922	51.455	100	10.000.000,00 €	2.500.000,00 €	12.500.000,00 €

(1) Fonte: IGE 2018

ANEXO II

CERTIFICADO DO ACORDO DE ADHESIÓN AO PEL-REACTIVA: FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA

Don/Dona, Secretario/a do
Concello de

CERTIFICO:

Que por (resolución da alcaldía/acordo da Xunta de
Goberno/Pleno), do día acordouse a adhesión do concello ao PEL- REACTIVA: FONDO DE
FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA, de
acordo coas contías, obrigas e compromisos nel establecidas.

E para que así conste, expido a presente certificación de orde e co visto e prace do representante legal
do concello

..... de de 2020

Vº Bº e Conforme

O/A Alcalde/sa

VÁLIDO SÓ PARA EFECTOS INFORMATIVOS

ANEXO III

CERTIFICACIÓN DE AUTORIZACIÓN DA XUNTA DE GALICIA PARA O EXERCICIO LEGAL DA
COMPETENCIA ESTABLECIDA NO MARCO DO ARTIGO 7.4 DA LRBRL

Don/Dona, Secretario/a do
Concello de

CERTIFICO:

- Que o Concello **solicitou** con data/...../2020, a autorización á Xunta de Galicia para o legal exercicio da competencia no marco do artigo 7.4 da LRBRL, para o desenvolvemento das actuacións ao abeiro do PEL- REACTIVA: FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA, do Plan de emprego local da Deputación da Coruña.

- Que o Concello **obtivo** con data/...../2020 a autorización da Xunta de Galicia para o legal exercicio da competencia no marco do artigo 7.4 da LRBRL, para o desenvolvemento das actuacións ao abeiro do PEL- REACTIVA: FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA, do Plan de emprego local da Deputación da Coruña.

Vº Bº e Conforme

O/A Alcalde/sa

VÁLIDO SÓ PARA EFECTOS INFORMATIVOS

ANEXO III – A

**MODELO DE SOLICITUDE DA AUTORIZACIÓN DO EXERCICIO DE COMPETENCIA Á XUNTA DE GALICIA
OFICIO REMISIÓN**

Documentación que se ha remitir á Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia para solicitar o Informe de duplicidade e sustentabilidade financeira en relación co Programa de axudas do Concello de _____ adherido ao Fondo de Financiamento para a reactivación económica e social da provincia da Deputación Provincial da Coruña

Ante a obriga por parte do Concello de _____ de informar da liña de axudas para a reactivación económica e social do municipio para a anualidade 2020, para comprobar a compatibilidade correspondente, segundo o disposto na Lei de bases de réxime local e na Lei de medidas urxentes (Lei 5/2014 do 27 de maio) é necesario remitir á Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia a seguinte documentación:

- Liquidación consolidada do exercicio inmediato anterior, xunto co respectivo informe da Intervención sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade, regra de gasto e débeda, incluíndo o estado de remanente de tesourería ao 31 de decembro do exercicio inmediato anterior.
- Situación actual da débeda viva, con detalle das operacións vixentes e cadros de amortización.
- Orzamento do exercicio vixente xunto co informe da Intervención sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade, regra de gasto e débeda.
- Informe da Intervención sobre o cumprimento da estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira coas novas competencias.
- Detalle e importes das partidas orzamentarias correspondentes á competencia para informar tanto de gastos coma de ingresos ou, de ser o caso, previsións das modificacións orzamentarias que se deberán realizar.

ANEXO III – B

**MODELO DE SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DO EXERCICIO COMPETENCIA Á XUNTA DE GALICIA
MEMORIA**

MEMORIA DO PROGRAMA DE AXUDAS DO CONCELLO DE _____ ADHERIDO AO PEL-REACTIVA: FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Ante a obriga por parte do Concello de _____ de informar da liña de axuda para a reactivación económica e social do municipio incluída no marco do Plan de emprego local da Deputación Provincial da Coruña, para comprobar a compatibilidade correspondente, emítese este informe para comunicar a dita actuación prevista para a anualidade 2020.

1. LIÑA DE ACTUACIÓN:

PROGRAMA DE AXUDAS DO CONCELLO DE _____ ADHERIDO AO PEL-REACTIVA: FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DO MUNICIPIO.

Finalidade: facilitar medios ás microempresas e persoas traballadoras por _____ conta propia ou autónomas do Concello _____ adherido ao PEL-REACTIVA, para facer fronte ás consecuencias derivadas da crise motivada pola COVID- 19, e contribuír á súa recuperación e viabilidade no novo contexto socioeconómico post COVID- 19.

Beneficiarios/as das axudas: Estas axudas van dirixidas a persoas traballadoras autónomas con ou sen traballadores/as ao seu cargo e microempresas, calquera que sexa a súa

- Grupo I: Que se visen afectados polo peche en virtude do disposto no RD 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, e a súa modificación aprobada no RD 465/2020, do 17 de marzo.
- Grupo II: Que non se visen afectados polo peche, pero cuxa facturación no segundo trimestre fiscal de 2020 se vira reducida, polo menos, nun 75% en relación coa media efectuada no semestre natural anterior á declaración do estado de alarma. Cando a persoa física ou xurídica non leve de alta os seis meses naturais esixido para a acreditar a redución os ingresos, a valoración levarase a cabo tendo en conta o período de actividade.
- Grupo III: Que se viran na obriga de acollerse a un ERTE (Expediente de Regulación Temporal de Emprego), nos termos establecidos no RD 465/2020, do 17 de marzo.

Para os efectos destas bases, para a consideración de microempresa atenderase ao indicado no anexo I do Regulamento (UE) 651/2014, da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado, publicado no Diario Oficial da Unión Europea (DOUE) L 187, do 26 de xuño de 2014, segundo o cal a categoría de microempresa está constituída por aquelas empresas que ocupan a menos de 10 persoas e cuxo volume de negocios anual ou balance xeral anual non excedan de 2 millóns de euros.

2. PLANIFICACIÓN TEMPORAL

Esta liña de axudas está previsto que se poña en marcha no segundo semestre do ano acorde cunha planificación axeitada previamente deseñada, conforme á dispoñibilidade orzamentaria para esta anualidade.

3. FINANCIAMENTO DA LIÑA DE AXUDA

A contía destinada a atender as solicitudes das axudas ascende a _____ € / virá determinada na Resolución da Presidencia da Deputación na que se confirma a adhesión do concello ao Fondo de Financiamento.

O 80% do orzamento finánciase con cargo ao Fondo da Deputación Provincial da Coruña e o 20% restante é financiado con fondos propios do Concello de _____

Opción A. O financiamento destas axudas por parte do Concello parte da consignación existente na aplicación orzamentaria que se detalla a continuación:

Denominación Liña Axuda	Aplicación Orzamentaria	Orzamento 2020

Opción B. O financiamento destas axudas parte da consignación da que poida chegar a habilitarse no expediente de modificación de crédito que se tramite / en tramitación.

VÁLIDO SÓ PARA EFECTOS INFORMATIVOS

ANEXO III – C

MODELO DE SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DO EXERCICIO COMPETENCIA Á XUNTA DE GALICIA
(COMUNICACIÓN)

Dirección Xeral de Administración Local
Vicepresidencia e Consellería de Presidencia
Administracións Públicas e Xustiza
Xunta de Galicia
Rúa de Madrid 2-4, 2º
15707 Santiago de Compostela

Mediante o presente escrito o Concello de _____ comunica a liña de axuda para a reactivación económica e social do municipio que se vai desenvolver na anualidade 2020 e propón a súa avaliación para comprobar a compatibilidade correspondente.

A documentación que se achega é a seguinte:

- Memoria da liña de axuda da anualidade 2020.
- Liquidación consolidada do exercicio inmediato anterior, xunto co respectivo informe da Intervención sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade, regra de gasto e débeda, incluíndo o estado de remanente de tesourería ao 31 de decembro do exercicio inmediato anterior.
- Situación actual da débeda viva, con detalle das operacións vixentes e cadros de amortización.
- Orzamento do exercicio vixente xunto co informe da Intervención sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade, regra de gasto e débeda.
- Informe da Intervención sobre o cumprimento da estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira coas novas competencias.
- Detalle e importes das partidas orzamentarias correspondentes á competencia para informar tanto de gastos coma de ingresos ou, de ser o caso, previsións das modificacións orzamentarias que se deberán realizar.

_____, de _____ de 2020

O/A Alcalde/sa
Asdo.

ANEXO IV

CERTIFICACIÓN DO ACORDO DE COMPROMISO DE ACHEGA MUNICIPAL DO 20%

Don/Dona , Secretario/a do
Concello de

En virtude do acordo adoptado por.....(resolución da
Alcaldía/acordo da Xunta de Goberno/Pleno), do díae consonte co informe expedido polo/a
titular do órgano interventor municipal,

CERTIFICO:

- Que o Concello se compromete a complementar a achega provincial cun 20% con cargo aos orzamentos propios, de conformidade co establecido nas normas reguladoras do PEL-REACTIVA: FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA e co límite establecido no anexo I Módulos que se han financiar.
- Que o Concello dispón de financiamento dabondo para cubrir a achega municipal do 20%,

..... , de de 2020

Vº Bº e Conforme

O/A Alcalde/sa

VÁLIDO SÓ PARA EFECTOS INFORMATIVOS

ANEXO V

CERTIFICADO DAS AXUDAS CONCEDIDAS E ABOADAS

Programa.....:	
Obxecto da subvención.....:	
Don/Dona.....:	
Secretario/a da entidade.....:	

Consonte co informe expedido polo/a titular do órgano interventor municipal,

CERTIFICO:

- Que as axudas foron distribuídas entre as empresas/persoas traballadoras autónomas, beneficiarias, de conformidade coas normas do PEL-REACTIVA: FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA e as bases específicas reguladoras destas.
- Que o importe total das axudas concedidas e aboadas polo Concello, ascendeu a _____ euros.
- Que os gastos xustificativos de cada unha das subvencións concedidas, foron revisados e fiscalizados polo concello de acordo coas normas do Fondo e coas bases específicas reguladoras das axudas.

Expido esta certificación para que conste aos efectos oportunos

A entidade responsabilízase sobre a veracidade da información, que a Deputación da Coruña poderá comprobar en calquera momento.

Vº Bº e Conforme
O/A Alcalde/sa

ANEXO VI

CERTIFICACIÓN DOS INGRESOS OBTIDOS

Programa.....:	
Don/Dona.....:	
Secretario/a da entidade.....:	

Consonte ao informe expedido polo/a titular do órgano interventor municipal,

CERTIFICO: (marque só unha opción)

<input type="checkbox"/>	A entidade non obtivo outros ingresos públicos nin privados para o mesmo obxecto que o subvencionado pola Deputación da Coruña
<input type="checkbox"/>	A entidade obtivo as subvencións, axudas, ingresos ou recursos que se inclúen na táboa seguinte para o mesmo obxecto que o subvencionado pola Deputación da Coruña:

TABOEA DE INGRESOS

Procedencia (Entidade concedente, usuarios, etc.)	Importe
Deputación da Coruña	
TOTAL INGRESOS	

Expido esta certificación para que conste aos efectos oportunos

A entidade responsabilízase sobre a veracidade da información, que a Deputación da Coruña poderá comprobar en calquera momento.

Vº Bº e Conforme
O/A Alcalde/sa

ANEXO VII

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Don/Dona, en calidade de alcalde/sa-presidente/a do concello de

DECLARO:

- 1.- Que a concesión das axudas foi realizada de conformidade co establecido nas bases reguladoras do PEL-REACTIVA: FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA.
- 2.- Que a concesión das axudas foi realizada de acordo cos principios de publicidade, concorrancia, igualdade, mérito e non discriminación.
- 3.- Que o concello cumpriu a obriga de facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información que se realizou da actividade subvencionada.
- 4.- Que o concello cumpriu a obriga de completar co 20% a achega provincial concedida
- 5.- Que os resultados obtidos foron os seguintes:

RESULTADOS OBTIDOS:

VÁLIDO SÓ PARA EFECTOS INFORMATIVOS

ANEXO VIII

SOLICITUDE DA AXUDA MUNICIPAL

DATOS DO/A SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL	NIF/NIE/CIF	
ENDEREZO	C.P.	
LOCALIDADE	PROVINCIA	
LOCALIDADE DO CENTRO DE TRABALLO		
TELÉFONO/S	CORREO ELECTRÓNICO	PÁXINA WEB
TIPO DE EMPRESA	<input type="checkbox"/> PERSOA FÍSICA <input type="checkbox"/> PERSOA XURÍDICA	
DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE ECONÓMICA		

DATOS DE REPRESENTACIÓN: (no caso de non coincidir co/a solicitante)

APELIDOS E NOME	DNI/NIE
EN CALIDADE DE	<input type="checkbox"/> TITULAR <input type="checkbox"/> REPRESENTANTE

SOLICITA:

Que lle sexa concedida unha subvención ao abeiro da convocatoria de axudas do Concello de..... no marco do PEL-REACTIVA: FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA, do Plan de emprego local da Deputación da Coruña.

ANEXO IX

DECLARACIÓN RESPONSABLE DO CUMPRIMENTO DE REQUISITOS E OBRIGAS

D./Dna. _____, provisto/a de NIF/NIE n°. _____, en representación de _____ con CIF n°. _____, solicitante das axudas do Concello de _____ convocadas ao abeiro do PEL-REACTIVA: FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA, do Plan de emprego local da Deputación da Coruña,

DECLARA:

- Que reúne os requisitos para ser beneficiario/a das axudas do Concello de _____, no marco do PEL-REACTIVA: FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA.
- Que pertence a algún dos grupos de beneficiarios/as indicados a continuación (marque o que proceda):

<p>Grupo I: Afectado/a polo peche en virtude do disposto no RD 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, e a súa modificación aprobada no RD 465/2020, do 17 de marzo.</p> <p>A empresa deberá ter a disposición do Concello a documentación acreditativa do cumprimento desta condición</p>	<input type="checkbox"/>
<p>Grupo II: Non afectado/a polo peche, pero cuxa facturación no segundo trimestre fiscal de 2020 se vise reducida, polo menos, nun 75% en relación coa media efectuada no semestre natural anterior á declaración do estado de alarma. Cando a persoa física ou xurídica non leve de alta os seis meses naturais esixido para a acreditar a redución os ingresos, a valoración levarase a cabo tendo en conta o período de actividade.</p> <p>A empresa deberá ter a disposición do concello a documentación acreditativa do cumprimento desta condición</p>	<input type="checkbox"/>
<p>Grupo III: Obrigado/a a acollerse a un ERTE (Expediente de Regulación Temporal de Emprego), nos termos establecidos no RD 465/2020, do 17 de marzo.</p> <p>A empresa deberá ter a disposición do concello a documentación acreditativa do cumprimento desta condición</p>	<input type="checkbox"/>

Se na súa empresa se cumpren as seguintes condicións (marque o que proceda):

Tipo de empresa <i>Datos referidos á data de publicación da convocatoria</i>	Empresario/a individual (autónomo/a), e empresa entre 6 e 9 asalariados	<input type="checkbox"/>
	Empresario/a individual (autónomo/a), e empresa entre 2 e 5 asalariados	<input type="checkbox"/>
	Empresario/a individual (autónomo/a), e empresa cun só asalariado/a	<input type="checkbox"/>
	Empresario/a individual (autónomo/a) sen asalariados	<input type="checkbox"/>
Forma xurídica da empresa <i>Datos referidos á data de publicación da convocatoria</i>	Enmarcada na economía social: cooperativas e sociedades laborais	<input type="checkbox"/>
	Outras con personalidade xurídica	<input type="checkbox"/>
Nº mulleres contratadas ⁽¹⁾ <i>Datos referidos á data de publicación da convocatoria</i>	Entre 6 e 9	<input type="checkbox"/>
	Ata 5	<input type="checkbox"/>
Nº persoas discapacitadas contratadas ⁽¹⁾ <i>Datos referidos á data de publicación da convocatoria</i>	Entre 6 e 9	<input type="checkbox"/>
	Ata 5	<input type="checkbox"/>
Nº menores de 30 anos contratados/as ⁽¹⁾ <i>Datos referidos á data de publicación da convocatoria</i>	Entre 6 e 9	<input type="checkbox"/>
	Ata 5	<input type="checkbox"/>
Emprego da lingua galega	Emprego da lingua galega na realización das actividades ou conductas para as que se solicita a axuda	<input type="checkbox"/>
(1) As persoas contratadas deben computarse a tempo completo. No caso de contratos a tempo parcial, computarán na porcentaxe equivalente con relación a un contrato a tempo completo.		

VÁLIDO SÓ PARA EFECTOS INFORMATIVOS

DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA QUE PODE SER REQUIRIDA

O/a solicitante está obrigado a ter a disposición do concello a seguinte documentación para o caso de ser requirida:

A. En caso de persoa física:

- a) DNI ou NIE, só no caso de non ser a mesma persoa que fai a presentación telemática.
- b) Certificado de vida laboral do/a autónomo/a no que conste a data de alta no RETA (no caso de que o/a solicitante sexa persoa física) actualizado
- c) Certificado de Situación Censal da Axencia Estatal Tributaria actualizado
- d) Resolución/certificación da alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos ou a Mutua profesional correspondente
- d) Informe de vida laboral da empresa expedido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social no que se inclúa o número de traballadores/as a data do 1 de marzo de 2020
- e) Documento acreditativo da concesión da prestación extraordinaria por cese de actividade ou da concesión do ERTE no caso de que proceda.
- f) Contrato/s de traballo no caso de que teña asalariados ao seu cargo
- g) Certificados de estar ao corrente coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e coa Seguridade Social e coa Axencia Tributaria de Galicia, ou autorización para a súa obtención por parte do concello, de ser o caso

B. En caso de microempresas:

- a) NIF da persoa xurídica, só no caso de non utilizar certificado de representante
- b) Escritura de constitución da entidade e as súas modificacións ou variación posteriores (de as haber), ou calquera outro documento análogo no que figuren os estatutos, estipulacións ou contratos privados, así como a inscrición no rexistro público correspondente no caso de estar obrigados (no caso de que o/a solicitante sexa persoa xurídica)
- c) Contrato de constitución da sociedade civil
- e) Acreditación dos poderes da persoa administradora e da que presenta a solicitude en caso de non ser a mesma persoa
- f) Certificado de Situación Censal da Axencia Estatal Tributaria actualizado
- g) DNI ou NIE da persoa administradora, no caso de non ser a mesma que fai a presentación telemática
- h) Documento acreditativo de concesión do ERTE, se procede
- i) Contrato/s de traballo dos/as asalariados/as ao seu cargo
- j) Certificados de estar ao corrente coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AET) e coa Seguridade Social e coa Axencia Tributaria de Galicia, ou autorización para a súa obtención por parte do concello, de ser o caso
- k) TC1 e TC2
- l) Declaracións tributarias relativas a 2020 e o 2º semestre de 2019
- ll) Documento acreditativo da concesión da prestación extraordinaria por cese de actividade
- m) Documentación contable da actividade económica desenvolvida

- Que se compromete a cumprir coas obrigas dos/as beneficiarios/as da subvención, singularmente relacionadas na Base 14 "Obrigas das persoas beneficiarias das axudas" das reguladoras da axuda solicitada..

- Lin o significado legal de “declaración responsable”, conforme o expresamente disposto no artigo 69.1 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas (publicada no BOE núm. 236, do 02/10/2015):

“Para os efectos desta lei, entenderase por declaración responsable o documento subscrito por persoa interesada na que este manifesta, baixo a súa responsabilidade, que cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente para obter o recoñecemento dun dereito ou facultade ou para o seu exercicio, que dispón da documentación que así o acredita, que a poñerá á disposición da administración cando se lle requira, e que se compromete a manter o cumprimento das anteriores obrigas durante o período de tempo inherente a este recoñecemento ou exercicio.

Os requisitos aos que se refire o parágrafo anterior deberán estar recollidos de maneira expresa, clara e precisa na correspondente declaración responsable. As administracións poderán requirir en calquera momento que se achegue a documentación que acredite o cumprimento dos mencionados requisitos e o/a interesado/a deberá achegala.”

Asinado dixitalmente, , de de 2020

Como resultado do anterior cambio o texto definitivo resultante é o seguinte:

RESOLUCIÓN POLA QUE SE MODIFICA A RESOLUCIÓN NÚMERO 2020/23462 DE DATA 31 DE XULLO DE 2020 POLA QUE SE AVOCA A COMPETENCIA PARA APROBAR AS BASES REGULADORAS DAS AXUDAS PEL- REACTIVA: FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Visto o expediente número 202000021805, relativo ás axudas PEL- REACTIVA anteriormente citadas, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Mediante Resolución desta Presidencia n.º 16643 de 30 de xullo de 2015 delegouse con carácter xeral na Xunta de Goberno a competencia para a aprobación das bases reguladoras de subvencións.

Tendo en conta a necesidade dos concellos destinatarios de planificar con antelación suficiente a realización das actuacións obxecto da convocatoria e que a próxima Xunta de Goberno ten como data prevista para a súa realización o día 21 de agosto de 2020,

RESOLVO:

1.–Avocar a competencia que con carácter xeral foi delegada por esta Presidencia mediante Resolución n.º 16643 de 30 de xullo de 2015 na Xunta de Goberno, como excepción e considerando a urxencia na publicación da convocatoria, debido ás actuais circunstancias socioeconómicas extraordinarias.

2.–Aprobar as bases reguladoras das Axudas PEL- REACTIVA: FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA, que se transcriben de seguido

NORMAS REGULADORAS PEL-REACTIVA: FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA DESTINADO AOS CONCELLOS DE MENOS DE 50.000 HABITANTES

No contexto socioeconómico actual, marcado pola excepcionalidade da pandemia do coronavirus COVID-19 e a conseguinte declaración do estado de alarma polo Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, e as súas prórrogas, é vontade da Deputación da Coruña aliviar a carga económica dos concellos e fomentar a pronta recuperación das economías locais a través da reactivación da actividade empresarial. Por este motivo, a presente Corporación pon á disposición dos concellos un fondo de financiamento para a reactivación económica e social da provincia, que dotará de liquidez aos autónomos e autónomas e microempresas, principal motor de desenvolvemento económico e alicerce fundamental do tecido empresarial da provincia.

Este fondo, impulsado desde o Plan de Emprego Local (PEL), ten como principal obxectivo dotar os concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia dos recursos necesarios para mitigar os efectos negativos que a pandemia ocasionou no seu tecido empresarial local, para así, deste xeito, acadar unha pronta recuperación económica.

As persoas profesionais autónomas e microempresas constitúen a base fundamental sobre a que se sustenta a economía a todos os niveis, desde o local ao europeo. Esta importancia é mesmo maior nos 90 concellos aos que vai dirixido dito Fondo de financiamento, xa que nestes hai máis de 50.000 persoas traballadoras autónomas e microempresas afectadas gravemente por esta inesperada crise. A súa sustentabilidade económica e viabilidade a curto prazo e, por ende, o mantemento e a creación de emprego a nivel local e na provincia en xeral, resulta certamente moi difícil. Así, a Deputación quere apoiar firmemente o traballo dos profesionais autónomos e das microempresas axudándolles a sacar adiante os seu proxectos laborais e empresariais, que sendo transversais a todos os sectores, son vitais para a reactivación económica.

Por este motivo, resulta imprescindible e necesaria a posta en marcha dun instrumento público como é o PEL-REACTIVA: FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA, en adiante PEL-REACTIVA ou Fondo de Financiamento, concibido como unha medida extraordinaria para axudar aos concellos a paliar os efectos económicos negativos derivados da pandemia da COVID-19, nas microempresas e persoas traballadoras autónomas do seus termos municipais.

A través deste Fondo, os concellos disporán dos recursos económicos necesarios para o establecemento de convocatorias de axudas adaptadas ás súas realidades territoriais concretas e dirixidas ás persoas profesionais autónomas e microempresas, sustento das súas economías locais, para contribuír así á súa pronta recuperación e viabilidade no novo contexto socioeconómico da nova era post COVID-19.

Nestas circunstancias verdadeiramente extraordinarias, o PEL amosa o seu apoio ao tecido empresarial da provincia, e dálle os folgos necesarios para a súa supervivencia a través da creación deste Fondo de Financiamento para a reactivación

económica e social da provincia da Coruña, xestionado polos concellos da provincia de menos de 50.000 habitantes, que se rexerá polas seguintes normas:

Norma 1.–DENOMINACIÓN, FINANCIAMENTO E LIÑAS XERAIS DA TRAMITACIÓN

1.1. Denominación.

O presente programa denomínase PEL-REACTIVA: FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA (en adiante, FONDO DE FINANCIAMENTO) integrado no Plan de Emprego Local da Deputación da Coruña, cuxo obxectivo principal é mitigar efectos negativos que están sufrindo as empresas, asegurando a continuidade e viabilidade económica da súa actividade tras a crise da COVID-19, contribuíndo á xeración de emprego e actividade económica, á fixación da poboación nos concellos e ao seu crecemento sustentable.

1.2. Financiamento.

A dotación do PEL-REACTIVA ascenderá á cantidade de 12.500.000,00 €, financiándose cunha achega provincial do 80% (10.000.000,00 €) e coas achegas municipais do 20% (2.500.000,00 €).

FONDO DE FINANCIAMENTO	ACHEGA PROVINCIAL (80 %)	ACHEGAS MUNICIPAIS (20 %)
12.500.000,00 €	10.000.000,00 € (1)	2.500.000,00 € (2)

(1) Esta dotación orzamentaria está incluída no Expediente provincial de Modificación de Créditos n.º 3/2020, na aplicación orzamentaria 0520/24100/46201.

(2) Os concellos adheridos ao Fondo de Financiamento achegarán a cantidade indicada no anexo 1 (20%).

1.3. Liñas xerais de tramitación.

A tramitación de PEL-REACTIVA, realizarase de xeito telemático, e aplicarase a todas as fases do procedemento: solicitude, concesión e xustificación, incluíndo en cada unha delas as notificacións e comunicacións, os requirimentos de información e documentación, e os envíos de documentación que sexan necesarios para tramitar os expedientes.

Conforme ao disposto no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, notificaranse aos concellos interesados as resolucións e actos administrativos que afecten aos seus dereitos e intereses.

O acordo de aprobación do Programa, coa indicación das achegas máximas que han percibir os concellos, de conformidade co establecido nos artigos 41 a 45 da citada Lei 39/2015, farase mediante publicación no Boletín Oficial da Provincia e na Base de Datos Nacional de Subvencións, producindo os mesmos efectos que a notificación individualizada. Esta publicación realizarase tamén na páxina web da Deputación, a cal remitirá o texto publicado no Boletín Oficial de la Provincia.

Norma 2.–OBJECTO E FINALIDADE.

O obxecto do PEL-REACTIVA, é constituír un fondo de financiamento que facilite aos concellos da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes os recursos necesarios para mitigar o excepcional impacto económico e social na provincia da Coruña, derivado da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, e a entrada en vigor do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declarou o estado de alarma e as súas posteriores prórrogas.

A finalidade do programa é financiar aos concellos da provincia de menos de 50.000 hb para que estes poidan xestionar unha convocatoria de axudas dirixidas a financiar os gastos correntes das persoas traballadoras por conta propia ou autónomas e as microempresas radicadas nos seus termos municipais, directamente afectadas pola devandita crise sanitaria.

Norma 3.–DESTINATARIOS.

Son destinatarios deste programa, os concellos da provincia da Coruña con poboación inferior aos 50.000 habitantes que o soliciten. Para estes efectos terase en conta a poboación oficial do concello segundo os datos do último padrón publicado polo Instituto Nacional de Estatística.

Norma 4.–CONTÍAS.

Os concellos poderán solicitar a contía do módulo que lles corresponda, determinado en función da ratio de empresas e persoas traballadoras autónomas con domicilio fiscal no concello sobre o total de microempresas e persoas traballadoras autónomas con domicilio fiscal nos concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia, segundo figura no anexo I das presentes bases.

Consideracións respecto do importe que se ha solicitar:

- Os concellos poderán solicitar a contía máxima que lles corresponda para distribuír entre as micropempresas e persoas traballadoras autónomas solicitantes, para cubrir os gastos subvencionables recollidos na Base 7.ª, Conceptos de gasto subvencionables, incluída na norma 18, relativa ás bases reguladoras que han de rexer as subvencións a conceder polos concellos.
- As contías correspóndense co importe total da axuda provincial máxima que percibirán os concellos a través deste fondo, e que supón o 80% da axuda a repartir entre os beneficiarios finais determinados na Base 4.ª, persoas beneficiarias, incluída na norma 18. Por conseguinte, os concellos deberán completar a achega provincial cun 20% da cantidade total de axudas a distribuír.
- Aqueles concellos que na data de publicación destas bases xa publicaran axudas destinadas, directa ou indirectamente, á mesma tipoloxía de persoas beneficiarias deste programa, teráselles en conta o importe destinado a estas para o cómputo do 20% da achega municipal a este programa, consonte co indicado no parágrafo precedente.

Norma 5.–DESTINO DAS AXUDAS.

Atendendo ao carácter finalista do Fondo, os concellos adheridos a este estarán obrigados a facer unha repartición de conformidade co especificado na norma reguladora 18, entre as microempresas e persoas traballadoras autónomas de cada concello consideradas como beneficiarias finalistas do Programa, co fin de que poidan facer fronte ás consecuencias da crise sanitaria provocada pola COVID-19, e a paliar o seu impacto económico e social

Norma 6.–PRESENTACIÓN, CONTIDO E REVISIÓN DAS SOLICITUDES DE ADHESIÓN.

6.1. PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE.

As solicitudes de adhesión ao Fondo presentaranse de xeito telemático, a través da páxina web da Deputación Provincial da Coruña: www.dacoruna.gal

A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa enviada dentro do prazo establecido. Para presentar a solicitude de xeito telemático será imprescindible que dispoñan de sinatura electrónica a Alcaldía e o persoal funcionario que deba asinar documentos, así como a persoa designada como representante para o envío da solicitude ao Rexistro telemático.

6.2. DOCUMENTACIÓN QUE SE HA PRESENTAR.

Os concellos interesados deberán solicitar a súa adhesión ao Fondo de Financiamento e achegar a seguinte documentación, segundo os modelos normalizados aprobados pola Deputación dispoñibles na plataforma SUBTEL www.dacoruna.gal que figuran como anexos:

- Anexo II: Certificado de adhesión adoptado polo órgano competente, asinado dixitalmente pola secretaría co visto e prace do representante legal do concello.
- Anexo III: Certificado de autorización da Xunta de Galicia para o exercicio legal da competencia establecida no marco do artigo 7.4 da LRBRL.
- Anexo III.A: Modelo de solicitude autorización exercicio competencia (oficio remisión)
- Anexo III.B: Modelo de solicitude autorización exercicio competencia (memoria)
- Anexo III.C: Modelo de solicitude autorización exercicio competencia (comunicación)
- Anexo IV: Certificado do acordo de compromiso de achega do 20%, no que quede constancia de que o concello disporá de financiamento dabondo para cubrir a achega municipal.

6.3. REVISIÓN DAS SOLICITUDES DE ADHESIÓN.

As solicitudes de adhesión serán revisadas pola Unidade Xestora correspondente no prazo máximo de 15 días contados desde a data de finalización da súa presentación.

No suposto de que a unidade xestora detecte calquera deficiencia na documentación presentada realizarase requirimento de emenda ao concello solicitante dispoñendo este de 5 días naturais para aceptar a notificación e 10 días hábiles desde a devandita aceptación para a corrección das deficiencias obxecto de requirimento.

Norma 7.–PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES DE ADHESIÓN.

O prazo de presentación de solicitudes de adhesión dos concellos ao Fondo de Financiamento iniciarase a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no BOP da Coruña, e finalizará ás 14.00 horas do día 9 de outubro de 2020.

Norma 8.-APROBACIÓN DEFINITIVA.

Logo de ver as solicitudes de adhesión presentadas polos concellos, o presidente da Deputación resolverá as asignacións do Fondo de Financiamento coa concesión das achegas correspondentes aos concellos solicitantes, logo dos preceptivos informes previos do Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente e da Intervención Xeral Provincial, no prazo máximo de nove meses, de conformidade co previsto no artigo 23.4 da LSG,

Norma 9.-RECEPCIÓN DE SOLICITUDES POLOS CONCELLOS ADHERIDOS AO FONDO DE FINANCIAMENTO.

Nos 5 días hábiles seguintes á aprobación por Resolución da Presidencia da Deputación das asignacións do Fondo de Financiamento aos concellos adheridos, estes deberán publicar a súa convocatoria específica das axudas para os/as beneficiarios/as e comunicar á BDNS a información sobre a convocatoria, de conformidade co establecido no Real decreto 130/2019, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas.

Na devandita Resolución da Presidencia da Deputación estableceranse as datas de presentación nos concellos das solicitudes das microempresas e persoas traballadoras autónomas do termo municipal, que se axusten ao establecido na norma reguladora 18. Este prazo de presentación non excederá de 15 días hábiles.

Norma 10.-REVISIÓN E CONCESIÓN DAS SOLICITUDES RECIBIDAS POLOS CONCELLOS ADHERIDOS AO FONDO DE FINANCIAMENTO.

As solicitudes recibidas polos concellos serán revisadas nun prazo de 30 días naturais polos servizos administrativos correspondentes, e logo da súa revisión, valoración e ordenación, formulará un informe proposta de resolución de concesión provisional, debidamente motivado, que deberá expresar o solicitante ou a relación de solicitantes que cumpran os requisitos da convocatoria para os que propón a concesión da subvención e a súa contía, así como as solicitudes desestimadas, as desistidas e as non admitidas a trámite. Este informe proposta será fiscalizado polos servizos municipais conforme á normativa reguladora do control interno.

A Alcaldía ditará resolución de concesión provisional, que deberá notificárselles ás entidades interesadas, concedéndolles un prazo de 10 días hábiles para presentaren, de ser o caso, a desistencia da solicitude ou as alegacións que consideren oportunas. No caso de non formular desistencia expresa, a subvención considerarase aceptada tacitamente.

No caso de que existisen alegacións por parte das/os interesadas/os, deberanse resolver expresamente na resolución de concesión definitiva das subvencións. A resolución de concesión provisional non crea dereito ningún a favor do beneficiario proposto fronte á Deputación mentres non se lle notifique a resolución definitiva de concesión.

Excepcionalmente, por causas debidamente xustificadas, este prazo poderá ser ampliado cando así expresamente o solicite cada concello.

Norma 11.-PRAZO DE XUSTIFICACIÓN E PAGO DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS POLOS CONCELLOS.

O prazo de xustificación para os beneficiarios/as das subvencións concedidas polos concellos adheridos ao Fondo de Financiamento será de 1 mes, a contar desde a notificación da súa concesión.

Norma 12.-PRAZO DE XUSTIFICACIÓN DOS CONCELLOS ADHERIDOS AO FONDO DE FINANCIAMENTO.

Finalizado o prazo de xustificación polos beneficiarios das subvencións concedidas polos concellos, estes deberán xustificar á Deputación o pago das subvencións xustificadas antes do 31 de maio de 2021.

A xustificación dos concellos formalizarase necesariamente seguindo os modelos indicados nos anexos V, VI e VII:

- Anexo V: Certificado das axudas concedidas e aboadas, asinado dixitalmente pola Secretaría e Alcaldía conforme os gastos xustificativos de cada unha das subvencións concedidas foron revisados e fiscalizados polo concello de acordo coas bases reguladoras publicadas para o efecto e foron abonadas, de conformidade co informe expedido polo/a titular do órgano interventor municipal.
- Anexo VI: Certificado dos ingresos obtidos doutras administracións públicas ou entes privados para o financiamento do mesmo obxecto ou finalidade, ou pola contra, certificación de non ter recibido ningún outro ingreso para o mesmo obxecto e finalidade, de conformidade co informe expedido polo/a titular do órgano municipal.
- Anexo VII: Memoria xustificativa asinada polo Alcalde/sa-Presidente/a, xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención.

Coa xustificación tamén se achegará:

- Declaración do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación da Coruña, á que se refire a norma reguladora 15, en toda a información relacionada co Programa.

- Comunicación da información preceptiva sobre a convocatoria específica das axudas e outros aspectos desta, remitida polo Concello á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

A xustificación deberá acadar o importe correspondente á suma da achega concedida pola Deputación Provincial da Coruña e a achega municipal.

- No caso de que o importe dos pagos xustificados sexa inferior á cantidade asignada ao concello, a achega provincial reducirase proporcionalmente ata o importe efectivamente xustificado.
- No caso de concorrencia doutras axudas para o mesmo obxecto, o importe para xustificar será a suma de todos os ingresos obtidos.

Norma 13.-PAGO AOS CONCELLOS DO FONDO DE FINANCIAMENTO.

Recibida na Deputación a documentación xustificativa, o pago do Fondo de Financiamento correspondente a cada concello realizarase no prazo de 1 mes.

En todos os casos, a Deputación verificará previamente de oficio que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias co Estado, coa Seguridade Social e coa propia Deputación.

Norma 14.-OBRIGAS E COMPROMISOS DOS CONCELLOS ADHERIDOS AO FONDO DE FINANCIAMENTO.

Todos os concellos adheridos ao Fondo de Financiamento asumirán as seguintes obrigas e compromisos:

- De conformidade co establecido na norma 15, compromiso en materia de publicidade e información pública, dar publicidade da achega provincial (logotipo da Deputación e mención expresa do Plan de Emprego Local) e a facer constar o financiamento da Deputación provincial da Coruña en todas as comunicacións ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet. Coa xustificación, o concello presentará declaración sobre o cumprimento destas obrigas.
- Autorizar á Deputación para obter as certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas.
- Tramitar a autorización da CC.AA para o exercicio legal da competencia establecida no marco do artigo 7.4 da LRRL.
- Obriga de utilizar as bases específicas reguladoras das axudas determinadas na norma 18.
- Comunicar de inmediato a través da Plataforma de tramitación telemática SUBTEL, calquera modificación que puidera afectar a algún dos gastos recollidos na solicitude inicial realizada, para a valoración do caso por parte da Unidade Xestora da axuda.
- Recibir as solicitudes, tramitalas e resolver a concesión das subvencións.
- Publicar na BDNS a súa convocatoria específica de axudas aos beneficiarios/as do seu termo municipal.
- Revisar e fiscalizar os gastos xustificativos de cada unha das subvencións concedidas de acordo coas presentes bases.
- Realizar todas aquelas comprobacións que estime oportunas no que se refire ao cumprimento dos requisitos e das obrigas dos/as beneficiarios/as das axudas e desenvolver as actuacións de control financeiro que estableza o órgano de control interno municipal.
- Facilitar aos servizos da Deputación provincial toda a información que se lles demande en relación co programa.
- Achegar o 20% para completar a achega provincial que lle corresponde. Aqueles concellos que na data de publicación destas bases, xa teñan publicadas axudas cuxas entidades e persoas destinatarias coincidan coa mesma tipoloxía de persoas beneficiarias finais deste programa computaránselle para o 20%.
- No momento en que se efectúen os pagamentos, a entidade local deberá estar ao corrente das súas obrigas coa AEAT e coa Seguridade Social, así como coa Deputación Provincial da Coruña.

Norma 15.-COMPROMISO EN MATERIA DE PUBLICIDADE E INFORMACIÓN PÚBLICA.

A Deputación da Coruña e todos os concellos participantes do FONDO DE FINANCIAMENTO, comprométense a:

- Colaborar activamente para potenciar a difusión da información en relación cos obxectivos e actuacións previstas na convocatoria.
- Facer constar a participación das distintas institucións en canta información pública se edite por calquera medio, incluídos os medios electrónicos. A promoción, publicidade e información das actuacións da convocatoria PEL e a documentación facilitada aos seus beneficiarios, realizada por calquera das institucións participantes, deberá incluír en todo caso a imaxe institucional da Deputación da Coruña. As resolucións de concesión das axudas e os

actos de notificación destas, así como calquera outras dirixidas aos beneficiarios da convocatoria PEL deberán expresar igualmente que estas están financiadas con cargo a fondos provinciais. A referencia á Deputación da Coruña será en tamaño igual aos empregados para referirse á participación de cada concello.

Coa finalidade de homoxeneizar toda información relativa ao Fondo de Financiamento, a Deputación da Coruña remitirá a todos os concellos participantes os sistemas e pautas de información pública corporativa polo que se refire ás actuacións que deriven deste.

Norma 16.-RÉXIME XURÍDICO, RESPONSABILIDADE E SANCÍONS.

16.1. Réxime xurídico.

O programa rexeráse polo establecido nestas bases, sendo de aplicación supletoria as seguintes normas:

- Lei 38/2003, do 16 de novembro, xeral de subvencións, e o seu regulamento de desenvolvemento.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas Bases de execución do orzamento da Deputación da Coruña para o exercicio 2020.
- Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña.
- Lei Orgánica 3/2018 do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais.

Así mesmo, aplicaranse todas aquelas normas, legais ou regulamentarias, que conteñan prescricións relativas ás subvencións ou sexan susceptibles de producir efectos no dito ámbito.

A interpretación e resolución das dúbidas que puideran xurdir na tramitación do Programa, resolveranse pola Presidencia da Deputación, previo informe da Secretaría e da Intervención.

16.2. Responsabilidade e sancións.

Os concellos beneficiarios das achegas quedarán sometidos ás responsabilidades e réxime sancionador establecido na Lei 38/2003, xeral de subvencións, coas especificacións indicadas na súa disposición adicional décimo cuarta.

A presentación extemporánea da xustificación suporá a imposición ao concello da sanción que corresponda, segundo o establecido no artigo 47 da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña publicada no BOP núm. 72, do 15/04/2019:

- Atraso na presentación ata un mes: 75 €.
- Atraso na presentación entre 1 e 3 meses: 600 €.
- Atraso na presentación de máis de 3 meses: 900 €.

Poderá ser aplicada a compensación para o cobro da sanción, se o concello non presenta alegacións respecto á aplicación da sanción proposta.

Segundo o artigo 48 da devandita Ordenanza, de conformidade coa habilitación legal conferida polo artigo 85.3 da Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das administracións públicas, aplicaranse as seguintes reducións ao importe da sanción que resulte da aplicación das normas de baremación e graduación contidas nos artigos anteriores:

a) No caso de que iniciado o expediente sancionador, se a persoa infractora achega un escrito no que recoñece a súa responsabilidade e acepta a sanción que se lle puidera impor, o importe desta será reducido nun 35 por cento.

b) No caso de pagamento voluntario da persoa infractora con anterioridade a que se dite a resolución, aplicarase unha redución do 30 por cento.

Estas dúas reducións serán acumulables entre si, de xeito que o recoñecemento da responsabilidade e pagamento voluntario antes de que se dite a resolución correspondente, implicará unha redución do 65 por cento da sanción que correspondería. En todo caso, a súa efectividade estará condicionada á desistencia ou renuncia de calquera acción ou recurso en vía administrativa contra a sanción.

Norma 17.-PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán tratados, na súa condición de responsable, pola Deputación da Coruña coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público.

Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou por obriga legal.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Para facilitar o exercicio dos dereitos, a Deputación porá ao seu dispor un modelo de solicitude:

<https://www.dacoruna.gal/documentacion/impresos-oficiais>

Todo o cal se informa en cumprimento do disposto nos artigos 11 e seguintes da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e a súa normativa de desenvolvemento.

Norma 18.-BASES ESPECÍFICAS REGULADORAS DAS AXUDAS DE CONCELLOS ADHERIDOS AO FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA.

BASE 1.^a.-OBJECTO E FINALIDADE.

O obxecto destas bases é regular as axudas a conceder polos concellos adheridos ao Fondo de Financiamento promovido pola Deputación da Coruña, aprobadas coa finalidade de impulsar a actividade económica e o emprego nos seus termos municipais e contribuír a paliar na medida do posible os danos derivados da pandemia da COVID-19, nas microempresas e autónomos/as.

A finalidade destas axudas é facilitar medios ás microempresas e persoas traballadoras por conta propia ou autónomas dos municipios adheridos ao Fondo de Financiamento, para facer fronte ás consecuencias derivadas da crise motivada pola COVID-19, e contribuír á súa recuperación e viabilidade no novo contexto socioeconómico.

BASE 2.^a.-ÁMBITO DE APLICACIÓN.

Poderán acollerse a estas axudas, as persoas físicas ou xurídicas que reúnan a condición de persoa beneficiaria segundo o disposto na Base 4.^a.

BASE 3.^a.-CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A contía destinada a atender as solicitudes das axudas virá determinada na resolución da Presidencia da Deputación na que se confirme a adhesión do concello ao Fondo de Financiamento.

O Fondo de Financiamento constitúese cun 80% de achega da Deputación da Coruña e un 20% financiado con fondos propios do concello.

Este orzamento poderá ser obxecto de modificacións como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento destas axudas.

BASE 4.^a.-PERSOAS BENEFICIARIAS.

4.1. Beneficiarios/as.

Estas axudas van dirixidas a persoas traballadoras autónomas con ou sen traballadores/as ao seu cargo e microempresas, calquera que sexa a súa forma xurídica, que se atopen nalgún dos supostos indicados a continuación:

- Grupo I: Que se visen afectados polo peche en virtude do disposto no RD 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, e a súa modificación aprobada no RD 465/2020, do 17 de marzo.
- Grupo II: Que non se visen afectados polo peche, pero cuxa facturación no segundo trimestre fiscal de 2020 se vira reducida, polo menos, nun 75% en relación coa media efectuada no semestre natural anterior á declaración do estado de alarma. Cando a persoa física ou xurídica non leve de alta os seis meses naturais esixido para acreditar a redución os ingresos, a valoración levarase a cabo tendo en conta o período de actividade.
- Grupo III: Que se viran na obriga de acollerse a un ERTE (Expediente de Regulación Temporal de Emprego), nos termos establecidos no RD 465/2020, do 17 de marzo.

Para os efectos destas bases, para a consideración de microempresa atenderase ao indicado no anexo I do Regulamento (UE) 651/2014, da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado, publicado no Diario Oficial da Unión Europea (DOUE) L 187, do 26 de xuño de 2014, segundo o cal a categoría de microempresa está constituída por aquelas empresas que ocupan a menos de 10 persoas e cuxo volume de negocios anual ou balance xeral anual non excedan de 2 millóns de €.

4.2. Requisitos das persoas beneficiarias.

Con carácter xeral, os beneficiarios/as das axudas, deberán cumprir cos seguintes requisitos:

- Ter o seu domicilio fiscal nun dos municipios adheridos ao Fondo de Financiamento.
- Non atoparse incursas en ningunha das circunstancias recollidas no artigo 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa AEAT e coa TXSS.
- Non ter débeda ningunha co concello.
- Estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa CC.AA. de Galicia e coa Deputación da Coruña.
- Cumprir coas obrigas establecidas na base 14.

A) Requisitos específicos das persoas físicas.

Estar dado de alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA) ou en calquera outro por conta propia da Seguridade Social, ou como mutualista de colexio profesional, con anterioridade á entrada en vigor do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo.

B) Requisitos específicos das persoas xurídicas.

A data de constitución da empresa, atendendo á data de primeira inscrición, no rexistro público correspondente, debe ser anterior á entrada en vigor do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo.

C) Exclusiones.

Quedan expresamente excluídas destas axudas as asociacións, as comunidades de propietarios, en réxime de propiedade horizontal, as administracións públicas, organismos públicos, entes dependentes, as congregacións e institución relixiosas, as Unións Temporais de Empresas, as comunidades de bens, as herdanzas xacentes así como as sociedades civís sen personalidade xurídica propia e demais entidades carentes desta.

4.3. Documentación que se ha presentar.

- NIF/NIE ou CIF segundo corresponda.
- Designación de conta bancaria segundo o modelo normalizado do Concello
- Anexo VIII: Solicitud da axuda
- Anexo IX: Declaración responsable do cumprimento de requisitos e obrigas.
- Beneficiarios/as do Grupo I:
 - Certificado actualizado de Situación Censal da Axencia Estatal Tributaria.
 - Informe actualizado de Vida Laboral da Empresa, expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social no que se inclúa o seu número de traballadores/as
- Beneficiarios/as do Grupo II:
 - Ademais da documentación indicada para o Grupo I, acreditación da redución de ingresos dende os seis meses previos á declaración do estado de alarma e ata a data de presentación da solicitude da axuda, mediante a presentación dalgún dos seguintes documentos: copia do libro de rexistro de facturas, libro diario de gastos, libro rexistro de vendas e ingresos e libro de compras e gastos, ou declaración de IVE, IRPF.
- Beneficiarios/as do Grupo III:
 - Ademais da documentación indicada para o Grupo I, documento acreditativo da situación de ERTE.

O concello poderá realizar todas aquelas comprobacións que estime oportunas no tocante ao cumprimento dos requisitos e das obrigas dos/as beneficiarios/as das axudas.

No anexo IX Declaración Responsable de cumprimento de requisitos e obrigas, enumérase a documentación que o concello poderá, no seu caso, requirirille aos beneficiarios/as.

BASE 5.^a.-DESTINO DAS AXUDAS.

As axudas teñen un carácter finalista e van destinadas a facilitar medios para facer fronte ás consecuencias da crise provocada pola COVID-19, e a paliar o seu impacto económico e social sobre as microempresas e persoas traballadoras por conta propia ou autónomas dos municipios adherido ao Fondo de Financiamento, que cumpran os requisitos establecidos na base 4 para ser beneficiarios/as, e cos importes determinados conforme ao establecido na base 8.

BASE 6.ª.-PROCEDIMIENTO DE CONCESIÓN.

O procedemento de concesión das axudas reguladas nestas bases, será o de concorrencia competitiva, de acordo co establecido no artigo 22.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Para os efectos destas axudas, concorrencia competitiva implica que o procedemento de concesión das subvencións realízase mediante a comparación das solicitudes presentadas, coa fin de establecer unha prelación entre elas, de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nestas bases, e adjudicar a axuda a aquelas que obtiveran unha maior valoración co límite orzamentario fixado para cada concello.

A valoración das solicitudes realizarase por grupos de beneficiarios/as dos establecidos na Base 4.1, ordenando por orde de maior a menor puntuación as solicitudes de cada grupo.

Terán prioridade para a concesión, os/as solicitantes pertencentes ao grupo I de beneficiarios/as que obtiveran maior puntuación.

Se atendendo ao límite orzamentario fixado para cada concello hai crédito dispoñible, este destinarase a cubrir as solicitudes con maior valoración do Grupo II e por último as do Grupo III con maior valoración, ata esgotar o crédito dispoñible.

6.1. Criterios de valoración.

As solicitudes que cumpran cos requisitos establecidos nas bases reguladoras, puntuaranse de acordo cos seguintes criterios de valoración:

CRITERIOS DE VALORACIÓN		ASPECTOS QUE SE HAN VALORAR	PUNTUACIÓN MÁXIMA (35 puntos)
1	Tipo de empresa Datos referidos á data de publicación da convocatoria (Máximo 10 puntos)	Empresario/a individual (autónomo/a), e empresa entre 6 e 9 asalariados	10
		Empresario/a individual (autónomo/a), e empresa entre 2 e 5 asalariados	8
		Empresario/a individual (autónomo/a), e empresa cun só asalariado/a	6
		Empresario/a individual (autónomo/a) sen asalariados	5
2	Forma xurídica da empresa Datos referidos á data de publicación da convocatoria (Máximo 10 puntos)	Enmarcada na economía social: cooperativas e sociedades laborais	8
		Outras con personalidade xurídica	6
3	N.º mulleres contratadas ⁽¹⁾ Datos referidos á data de publicación da convocatoria (Máximo 5 puntos)	Entre 6 e 9	5
		Ata 5	3
4	N.º persoas discapacitadas contratadas ⁽²⁾ Datos referidos á data de publicación da convocatoria (Máximo 5 puntos)	Entre 6 e 9	5
		Ata 5	3
4	N.º menores de 30 anos contratados/as ⁽³⁾ Datos referidos á data de publicación da convocatoria (Máximo 5 puntos)	Entre 6 e 9	5
		Ata 5	3
5	Emprego da lingua galega (Máximo 2 puntos)	Emprego da lingua galega na realización das actividades ou conductas para as que se solicita a axuda	2

(1) Deberá computarse o número de traballadores/as contratados/as a tempo completo. No caso de contratacións a tempo parcial, computaranse con relación a xornada completa.

(2) Deberá computarse o número de traballadores/as discapacitados/as contratados/as a tempo completo. No caso de contratacións a tempo parcial, computaranse con relación á xornada completa.

(3) Deberá computarse o número de traballadores/as menores de 30 anos contratados/as a tempo completo. No caso de contratacións a tempo parcial, computaranse con relación á xornada completa.

En caso de empate, priorizaranse como criterios de desempate, os seguintes:

- 1.º. N.º mulleres contratadas.
- 2.º. N.º persoas discapacitadas contratadas.
- 3.º. N.º menores de 30 anos contratados
- 4.º. Empresas de economía social.
- 5.º. Data e hora de presentación completa da solicitude.

BASE 7.ª.-CONCEPTOS DE GASTO SUBVENCIONABLE.

Terán a consideración de gastos subvencionables dentro desta liña, aquelas actividades que estean dentro dos seguintes conceptos de gasto:

CONTA	DESCRIPCIÓN DA CONTA
601	Compra de material Material antiséptico ou desinfectante, produtos hixiénicos e de limpeza
621	Arrendamentos e canons Arrendamentos de maquinaria, vehículos, locais ou instalacións* Gasto directo *O arrendamento do local de negocio ou instalacións, sempre e cando non sexa parte da vivenda da persoa solicitante ou espazo compartido con outra empresa e non exista relación de parentesco ata 2.º grao de consanguinidade ou afinidade co/a arrendador/a do local, nin sexa socio/a ou partícipe da persoa física ou xurídica que actúe como arrendador/a. Así mesmo, exclúense os espazos de coworking. *O renting de maquinaria, máquinas, vehículos, etc.
622	Reparación e conservación Adaptación de locais ás medidas de protección fronte á COVID-19 (biombos de protección, etc). Gasto directo
625	Primas seguros Seguros de responsabilidade civil, seguros de accidentes. Gasto directo
628	Subministracións Auga, gas, combustibles, electricidade. Gasto directo

O IVE non se considerará en ningún caso gasto subvencionable

BASE 8.ª.-CONTÍA E PERÍODO SUBVENCIONABLE.

O importe da subvención será fixo, e determinarase conforme aos seguintes criterios:

a) Traballadores/as por conta propia ou autónomos, sen traballadores ao seu cargo, afectados polo peche como consecuencia da declaración do estado de alarma ou aqueles que non se visen afectados polo peche pero cuxa facturación no segundo trimestre fiscal de 2020, se vise reducida, polo menos nun 75% en relación coa media de facturación do semestre natural anterior á declaración do estado de alarma: 1.500 €.

b) Traballadores/as por conta propia ou autónomos con traballadores/as ao seu cargo e microempresas afectados polo peche como consecuencia da declaración do estado de alarma ou aqueles que non se visen afectados polo peche pero cuxa facturación segundo trimestre fiscal de 2020, se vise reducida, polo menos nun 75% en relación coa media de facturación do semestre natural anterior á declaración do estado de alarma, ou que se visen na obriga de acollerse a un ERTE, atendendo ao seguinte:

- Un só traballador/a: 2.000,00 €.
- Entre 2 e 5 traballadores/as: 2.500,00 €.
- Entre 6 e 9 traballadores/as: 3.000,00 €.

O período subvencionable abarcará dende o 1 de marzo de 2020 ata o 31 de decembro de 2020.

Estas axudas serán compatibles con calquera outra concedida por entidades públicas ou privadas, sempre que o importe total das axudas percibidas polo mesmo concepto non supere o custo total dos gastos subvencionables polas presentes axudas, e ata un máximo de 40.000 €. O importe de axuda a conceder será minorada na cantidade que exceda deste límite.

BASE 9.ª.-FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

O prazo de presentación de solicitudes será determinado na Resolución da Presidencia da Deputación de constitución definitiva do Fondo de Financiamento. Este prazo non excederá de 15 días hábiles.

As presentes bases, xunto co modelo de solicitude normalizado para a obtención das axudas, estarán dispoñibles nas webs municipais do concellos adheridos ao Fondo de Financiamento.

As solicitudes, que se presentarán por vía telemática a través da Sede Electrónica dos concello adheridos ao Fondo de Financiamento, accesible a través do enlace <https://www.....> utilizando o formulario normalizado de solicitude dispoñible na sede. Para a presentación de solicitude por medio electrónicos, é necesario dispoñer dos certificados electrónicos recoñecidos ou cualificados de sinatura electrónica.

A presentación da solicitude de subvención fóra do prazo establecido e a non utilización, no seu caso, do formulario normalizado de uso obrigatorio, serán causa de inadmisión da solicitude.

BASE 10.ª.-INSTRUCCIÓN DO PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN.

As solicitudes de cada grupo que cumpran cos requisitos, atendendo ao establecido na Base 6.ª, ata esgotar o crédito inicial dispoñible para cada concello, serán propostas por orde de puntuación para seren resoltas favorablemente.

O concello poderá requirir os solicitantes para que acheguen canta documentación e información complementaria estime oportuna para fundamentar a súa solicitude, así como para que se proceda á corrección dos defectos apreciados na solicitude, todo iso no prazo de 10 días hábiles a partir do seguinte á notificación do requirimento. No caso de incumprimento, entenderase que desiste da súa solicitude.

BASE 11.^a-RESOLUCIÓN.

Pola Alcaldía dítase resolución de concesión definitiva, que deberá notificárlle aos interesados/as segundo o establecido o artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común e publicárase na páxina web do concello.

As resolucións de concesión deberán conter a relación dos/as solicitantes aos/ás que se lles concede a subvención, e a desestimación expresa das restantes solicitudes.

No seu caso, incluíra unha relación ordenada de todas as solicitudes que, cumprindo coas condicións administrativas e técnicas, non fosen estimadas por pasarse a contía máxima do financiamento dispoñible fixado na convocatoria correspondente.

O acordo de concesión ou denegación da subvención solicitada porá fin á vía administrativa, sendo aplicable o réxime de recursos establecidos na Lei 39/15, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas

BASE 12.^a-PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

Os beneficiarios da subvención deberán presentar a documentación xustificativa referida expresamente aos conceptos de gasto que lle foron subvencionados, como data máxima, o 31 de marzo de 2021.

BASE 13.^a-PAGO E XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN.

O concello aboará o importe da subvención concedida logo da presentación dos xustificantes de gasto ou facturas electrónicas escaneadas, efectivamente pagadas dentro do período subvencionable, correspondentes aos gastos subvencionables determinados na base 7.^a, ou documentos contables de valor probatorio equivalente. No caso de que

as facturas non teñan os conceptos de gasto debidamente especificados, deberán entregar un documento aclaratorio do seu contido, que debe axustarse aos conceptos subvencionados ao amparo desta convocatoria.

O pago da subvención realizarase mediante transferencia bancaria á conta bancaria indicada pola entidade beneficiaria da subvención.

No caso de que o importe dos pagos xustificados sexa inferior ao concedido, a achega municipal reducirase ata o importe efectivamente xustificado.

BASE 14.^a-OBRIGAS DOS/AS BENEFICIARIOS/AS DAS AXUDAS.

Os/as beneficiarios/as das axudas, deberán cumprir cos seguintes compromisos e deberes:

1. Cumprir con todos os requisitos indicados nestas bases.
2. Os/as beneficiarios/as están obrigados a permanecer en alta no Réxime Especial da Seguridade Social de Traballadores por Conta Propia/ Autónomos ou no que, no seu caso, corresponda da Seguridade Social ou en Mutualidades profesionais ou no caso das microempresas, a manter a mesma forma xurídica polo menos 3 meses dende a finalización do período subvencionable.
3. Declarar no momento de presentación da solicitude que non presenta máis dunha solicitude por entidade ou persoa física (autónomo/a). No caso de que o solicitante sexa unha persoa física, declaración de que non forma parte dunha sociedade que teña solicitado outra subvención na presente convocatoria.
4. Cumprir coa normativa de minimis e non superar os límites establecidos na normativa para o seu sector, se esta resultase de aplicación.
5. Declarar a obtención de subvencións ou axudas procedentes doutras administracións e entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais e acreditar que a suma de todas elas non supera o límite de 40.000 €.
6. Comunicar de inmediato ao concello calquera modificación que puidera afectar a algún dos gastos recollidos na solicitude inicial realizada, para a valoración do caso por parte do Departamento responsable das axudas.
7. Empregar a subvención outorgada para o mesmo fin para o cal foi concedida, axustándose aos termos establecidos nas Bases e na convocatoria e de conformidade coa lexislación vixente.
8. Conservar os documentos xustificativos da aplicación da subvención recibida, incluídos os documentos electrónicos, que poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control durante o período establecido, en cada caso, pola lexislación vixente sobre a materia.
9. Dar o seu consentimento ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo coa lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

10. Dar publicidade, nos termos establecidos na resolución de concesión, ao carácter público do financiamento da actividade realizada, figurando expresamente nun lugar visible do centro de traballo, logotipo do Concello, da Deputación e mención expresa ao Plan de Emprego Local da Deputación da Coruña. O mesmo tipo de publicidade realizarase nun lugar preferente da páxina web da empresa, de existir esta.
11. Xustificar o cumprimento dos obxectivos, requisitos, condicións e de finalidade suxeita á subvención, someténdose ás actuacións de comprobación e control, que poderá efectuar o concello, como outros órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios.
12. Atender e proporcionar, no seu caso, canta información lle poidan solicitar os servizos de control interno municipal do concello.
13. Someterse ao control financeiro, ben sexa exercido polo órgano interventor municipal, ben polo órgano interventor da Deputación.

BASE 15.^a.-REVOGACIÓN E REINTEGRO.

A constatación do incumprimento dos requisitos necesarios ou dos deberes asumidos como consecuencia da concesión da subvención, así como a falsidade documental, poderá dar lugar á extinción do dereito ao seu desfrute ou á modificación da resolución de concesión, ao reintegro das cantidades percibidas e, no seu caso, á incoación do correspondente expediente sancionador, conforme ao establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións así como cantas responsabilidades de toda orde puidesen derivarse.

BASE 16.^a.-NORMATIVA DE APLICACIÓN.

Será de aplicación a estas bases a normativa seguinte:

- Ordenanza xeral de subvencións do concello adherido ao Fondo de Financiamento, se estivese aprobada.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu Regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais.
- Regulamento (UE) n.º 1407/2013, da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis (DOUE L 352, do 24 de decembro de 2013) (1).
- Regulamento (UE) n.º 1408/2013, da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis no sector agrícola (DOUE L 352, do 24 de decembro de 2013) (1).
- Regulamento (UE) n.º 2019/316 da Comisión do 21 de febreiro de 2019 polo que se modifica o Regulamento (UE) n.º 1408/2013 relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de mínimos no sector agrícola (DOUE L 51, do 22 de febreiro de 2019) (1).
- Regulamento (UE) n.º 717/2014, da Comisión, do 27 de xuño, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de mínimos no sector da pesca e da acuicultura (DOUE L 190, do 28 de xuño de 2014) (1).

- (1) Deberá terse en conta as Comunicacións da Comisión Europea sobre Marco Temporal relativo ás medidas de axuda estatal destinadas a apoiar a economía no contexto do actual brote da COVID-19: C/2020/1863, publicada no DOUE C 91I do 20/03/2020, e modificacións do 03/04/2020, publicada no DOUE C 112I do 04/04/2020, e do 12/05/2020, publicada no DOUE C 164 do 13/05/2020.

A xestión destas axudas suxeitarase aos principios de publicidade, concorrencia, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, así como á eficacia no cumprimento de obxectivos de eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

BASE 17.^a.-DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán tratados, na súa condición de responsable, polo concello adherido ao Fondo de Financiamento coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público.

Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou por obriga legal.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica do concello de ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Para facilitar o exercicio dos dereitos, o concello porá ao seu dispor un modelo de solicitude en:

Todo o cal se informa en cumprimento do disposto nos artigos 11 e seguintes da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e a súa normativa de desenvolvemento.

BASE 18.^a-CONTROL FINANCEIRO.

O control financeiro das subvencións outorgadas, levarase a cabo polo control interno municipal de acordo coa normativa do concello. Para tal fin, o concello poderá solicitar a colaboración do control financeiro da Intervención provincial.

DISPOSICIÓN ADICIONAL 1

Coa finalidade de mellorar a xestión do Fondo de Financiamento e cumprir o obxectivo previsto nesta convocatoria de axudas, os seus prazos de tramitación poderán reaxustarse por resolución da Presidencia da Deputación da Coruña

DISPOSICIÓN ADICIONAL 2

A aplicación do FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA DESTINADO AOS CONCELLOS DE MENOS DE 50.000 HABITANTES será efectiva unha vez obtida a correspondente autorización do exercicio competencial da Xunta de Galicia

ANEXO I

DISTRIBUCIÓN DO FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA

CONCELLO	AUTÓNOMOS/MICROEMPRESAS MUNICIPIOS DE MENOS DE 50.000 HABS. (1)				PORCENTAXE SOBRE TOTAL AUTÓNOMOS/MICROEMPRESAS MUNICIPIOS DE MENOS DE 50.000 HABS.	ACHEGA DEPUTACIÓN (80%)	ACHEGA MUNICIPAL (20%)	IMPORTE A XUSTIFICAR
	de 0 a 2 asalariados	de 3 a 5 asalariados	de 6 a 9 asalariados	Total				
Abegondo	315	29	15	359	0,697697	69.769,70 €	17.442,43 €	87.212,13 €
Ames	2.117	206	75	2.398	4,660383	466.038,29 €	116.509,57 €	582.547,86 €
Aranga	96	12	1	109	0,211836	21.183,56 €	5.295,89 €	26.479,45 €
Ares	261	29	7	297	0,577203	57.720,34 €	14.430,08 €	72.150,42 €
Arteixo	1.939	241	103	2.283	4,436887	443.688,66 €	110.922,16 €	554.610,82 €
Arzúa	463	35	22	520	1,010592	101.059,18 €	25.264,79 €	126.323,97 €
Baña, A	142	9	5	156	0,303178	30.317,75 €	7.579,44 €	37.897,19 €
Bergondo	652	84	80	816	1,585852	158.585,17 €	39.646,29 €	198.231,46 €
Betanzos	1.100	115	41	1.256	2,440968	244.096,78 €	61.024,20 €	305.120,98 €
Boimorto	109	7	2	118	0,229327	22.932,66 €	5.733,16 €	28.665,82 €
Boiro	1.177	153	45	1.375	2,672238	267.223,79 €	66.805,95 €	334.029,73 €
Boqueixón	272	38	7	317	0,616072	61.607,23 €	15.401,81 €	77.009,04 €
Brión	355	29	10	394	0,765718	76.571,76 €	19.142,94 €	95.714,70 €
Cabana de Bergant.	256	24	8	288	0,559712	55.971,24 €	13.992,81 €	69.964,05 €
Cabanas	202	28	10	240	0,466427	46.642,70 €	11.660,67 €	58.303,37 €
Camariñas	382	30	10	422	0,820134	82.013,41 €	20.503,35 €	102.516,76 €
Cambre	1.506	184	72	1.762	3,424351	342.435,14 €	85.608,78 €	428.043,92 €

Capela, A	55	6	1	62	0,120494	12.049,36 €	3.012,34 €	15.061,70 €
Carballo	2.458	261	114	2.833	5,505782	550.578,18 €	137.644,54 €	688.222,72 €
Cariño	251	16	3	270	0,524730	52.473,03 €	13.118,26 €	65.591,29 €
Carnota	231	15	2	248	0,481975	48.197,45 €	12.049,36 €	60.246,82 €
Carral	395	46	24	465	0,903702	90.370,23 €	22.592,56 €	112.962,78 €
Cedeira	516	38	13	567	1,101934	110.193,37 €	27.548,34 €	137.741,72 €
Cee	659	79	30	768	1,492566	149.256,63 €	37.314,16 €	186.570,79 €
Cerceda	310	28	15	353	0,686036	68.603,63 €	17.150,91 €	85.754,54 €
Cerdido	63	6	4	73	0,141872	14.187,15 €	3.546,79 €	17.733,94 €
Coirós	94	13	11	118	0,229327	22.932,66 €	5.733,16 €	28.665,82 €
Corcubión	105	11	5	121	0,235157	23.515,69 €	5.878,92 €	29.394,62 €
Coristanco	354	37	13	404	0,785152	78.515,21 €	19.628,80 €	98.144,01 €
Culleredo	1.704	240	105	2.049	3,982120	398.212,03 €	99.553,01 €	497.765,04 €
Curtis	344	36	22	402	0,781265	78.126,52 €	19.531,63 €	97.658,15 €
Dodro	122	14	6	142	0,275969	27.596,93 €	6.899,23 €	34.496,16 €
Dumbría	135	15	5	155	0,301234	30.123,41 €	7.530,85 €	37.654,26 €
Fene	602	68	29	699	1,358469	135.846,86 €	33.961,71 €	169.808,57 €
Fisterra	262	20	8	290	0,563599	56.359,93 €	14.089,98 €	70.449,91 €
Frades	132	12	5	149	0,289573	28.957,34 €	7.239,34 €	36.196,68 €
Irixoa	61	6	2	69	0,134098	13.409,78 €	3.352,44 €	16.762,22 €
Laracha, A	657	73	32	762	1,480906	148.090,56 €	37.022,64 €	185.113,21 €
Laxe	217	19	2	238	0,462540	46.254,01 €	11.563,50 €	57.817,51 €
Lousame	112	11	5	128	0,248761	24.876,11 €	6.219,03 €	31.095,13 €
Malpica de Bergantiños	446	23	10	479	0,930911	93.091,05 €	23.272,76 €	116.363,81 €
Mañón	67	4	3	74	0,143815	14.381,50 €	3.595,37 €	17.976,87 €
Mazaricos	236	21	7	264	0,513070	51.306,97 €	12.826,74 €	64.133,71 €
Melide	796	77	31	904	1,756875	175.687,49 €	43.921,87 €	219.609,37 €
Mesía	136	12	3	151	0,293460	29.346,03 €	7.336,51 €	36.682,54 €
Miño	407	22	11	440	0,855116	85.511,61 €	21.377,90 €	106.889,52 €
Moeche	83	9	1	93	0,180740	18.074,05 €	4.518,51 €	22.592,56 €
Monfero	104	10	2	116	0,225440	22.543,97 €	5.635,99 €	28.179,96 €
Mugardos	238	20	6	264	0,513070	51.306,97 €	12.826,74 €	64.133,71 €
Muros	457	49	14	520	1,010592	101.059,18 €	25.264,79 €	126.323,97 €
Muxía	279	20	8	307	0,596638	59.663,78 €	14.915,95 €	74.579,73 €
Narón	1.972	250	131	2.353	4,572928	457.292,78 €	114.323,20 €	571.615,98 €
Neda	241	27	8	276	0,536391	53.639,10 €	13.409,78 €	67.048,88 €
Negreira	468	60	8	536	1,041687	104.168,69 €	26.042,17 €	130.210,86 €
Noia	1.095	126	33	1.254	2,437081	243.708,09 €	60.927,02 €	304.635,12 €
Oleiros	2.152	171	86	2.409	4,681761	468.176,08 €	117.044,02 €	585.220,10 €
Ordes	982	120	51	1.153	2,240793	224.079,29 €	56.019,82 €	280.099,12 €
Oroso	492	42	20	554	1,076669	107.666,89 €	26.916,72 €	134.583,62 €
Ortigueira	432	31	16	479	0,930911	93.091,05 €	23.272,76 €	116.363,81 €
Outes	351	34	15	400	0,777378	77.737,83 €	19.434,46 €	97.172,29 €
Oza-Cesuras	255	27	5	287	0,557769	55.776,89 €	13.944,22 €	69.721,12 €
Paderne	123	8	5	136	0,264309	26.430,86 €	6.607,72 €	33.038,58 €
Padrón	809	94	40	943	1,832669	183.266,93 €	45.816,73 €	229.083,67 €
Pino, O	292	22	9	323	0,627733	62.773,30 €	15.693,32 €	78.466,62 €

Pobra do Caramiñal, A	566	61	22	649	1,261296	126.129,63 €	31.532,41 €	157.662,03 €
Pontececo	401	32	14	447	0,868720	86.872,02 €	21.718,01 €	108.590,03 €
Pontedeume	503	51	13	567	1,101934	110.193,37 €	27.548,34 €	137.741,72 €
Pontes de García Rodríguez, As	661	71	32	764	1,484793	148.479,25 €	37.119,81 €	185.599,07 €
Porto do Son	520	49	11	580	1,127199	112.719,85 €	28.179,96 €	140.899,82 €
Rianxo	582	69	15	666	1,294335	129.433,49 €	32.358,37 €	161.791,86 €
Ribeira	1.640	191	76	1.907	3,706151	370.615,10 €	92.653,78 €	463.268,88 €
Rois	226	14	9	249	0,483918	48.391,80 €	12.097,95 €	60.489,75 €
Sada	1.028	99	38	1.165	2,264114	226.411,43 €	56.602,86 €	283.014,28 €
San Sadurniño	130	13	8	151	0,293460	29.346,03 €	7.336,51 €	36.682,54 €
Santa Comba	759	80	34	873	1,696628	169.662,81 €	42.415,70 €	212.078,52 €
Santiso	72	7	4	83	0,161306	16.130,60 €	4.032,65 €	20.163,25 €
Sobrado	100	12	7	119	0,231270	23.127,00 €	5.781,75 €	28.908,76 €
Somozas, As	57	11	3	71	0,137985	13.798,46 €	3.449,62 €	17.248,08 €
Teo	1.045	98	51	1.194	2,320474	232.047,42 €	58.011,86 €	290.059,28 €
Toques	47	7	4	58	0,112720	11.271,99 €	2.818,00 €	14.089,98 €
Tordoia	158	7	6	171	0,332329	33.232,92 €	8.308,23 €	41.541,15 €
Touro	167	13	6	186	0,361481	36.148,09 €	9.037,02 €	45.185,11 €
Trazo	149	8	4	161	0,312895	31.289,48 €	7.822,37 €	39.111,85 €
Val do Dubra	232	35	11	278	0,540278	54.027,79 €	13.506,95 €	67.534,74 €
Valdoviño	310	30	14	354	0,687980	68.797,98 €	17.199,49 €	85.997,47 €
Vedra	274	35	12	321	0,623846	62.384,61 €	15.596,15 €	77.980,76 €
Vilarmaior	52	6	1	59	0,114663	11.466,33 €	2.866,58 €	14.332,91 €
Vilasantar	61	8	4	73	0,141872	14.187,15 €	3.546,79 €	17.733,94 €
Vimianzo	588	54	19	661	1,284618	128.461,76 €	32.115,44 €	160.577,20 €
Zas	411	35	12	458	0,890098	89.009,81 €	22.252,45 €	111.262,27 €
Total provincia A Coruña	44.835	4.698	1.922	51.455	100	10.000.000,00 €	2.500.000,00 €	12.500.000,00 €

(1) Fonte: IGE 2018

ANEXO II

CERTIFICADO DO ACORDO DE ADHESIÓN AO PEL-REACTIVA: FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA

Don/Dona, Secretario/a do
Concello de

CERTIFICO:

Que por (resolución da alcaldía/acordo da Xunta de
Goberno/Pleno), do día acordouse a adhesión do concello ao PEL- REACTIVA: FONDO DE
FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA, de
acordo coas contías, obrigas e compromisos nel establecidas.

E para que así conste, expido a presente certificación de orde e co visto e praxe do representante legal
do concello

..... de de 2020

Vº Bº e Conforme

O/A Alcalde/sa

VÁLIDO SÓ PARA EFECTOS INFORMATIVOS

ANEXO III

CERTIFICACIÓN DE AUTORIZACIÓN DA XUNTA DE GALICIA PARA O EXERCICIO LEGAL DA
COMPETENCIA ESTABLECIDA NO MARCO DO ARTIGO 7.4 DA LRBRL

Don/Dona, Secretario/a do
Concello de

CERTIFICO:

- Que o Concello **solicitou** con data/...../2020, a autorización á Xunta de Galicia para o legal exercicio da competencia no marco do artigo 7.4 da LRBRL, para o desenvolvemento das actuacións ao abeiro do PEL- REACTIVA: FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA, do Plan de emprego local da Deputación da Coruña.

- Que o Concello **obtivo** con data/...../2020 a autorización da Xunta de Galicia para o legal exercicio da competencia no marco do artigo 7.4 da LRBRL, para o desenvolvemento das actuacións ao abeiro do PEL- REACTIVA: FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA, do Plan de emprego local da Deputación da Coruña.

Vº Bº e Conforme

O/A Alcalde/sa

VÁLIDO SÓ PARA EFECTOS INFORMATIVOS

ANEXO III – A

**MODELO DE SOLICITUDE DA AUTORIZACIÓN DO EXERCICIO DE COMPETENCIA Á XUNTA DE GALICIA
OFICIO REMISIÓN**

Documentación que se ha remitir á Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia para solicitar o Informe de duplicidade e sustentabilidade financeira en relación co Programa de axudas do Concello de _____ adherido ao Fondo de Financiamento para a reactivación económica e social da provincia da Deputación Provincial da Coruña

Ante a obriga por parte do Concello de _____ de informar da liña de axudas para a reactivación económica e social do municipio para a anualidade 2020, para comprobar a compatibilidade correspondente, segundo o disposto na Lei de bases de réxime local e na Lei de medidas urxentes (Lei 5/2014 do 27 de maio) é necesario remitir á Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia a seguinte documentación:

- Liquidación consolidada do exercicio inmediato anterior, xunto co respectivo informe da Intervención sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade, regra de gasto e débeda, incluíndo o estado de remanente de tesourería ao 31 de decembro do exercicio inmediato anterior.
- Situación actual da débeda viva, con detalle das operacións vixentes e cadros de amortización.
- Orzamento do exercicio vixente xunto co informe da Intervención sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade, regra de gasto e débeda.
- Informe da Intervención sobre o cumprimento da estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira coas novas competencias.
- Detalle e importes das partidas orzamentarias correspondentes á competencia para informar tanto de gastos coma de ingresos ou, de ser o caso, previsións das modificacións orzamentarias que se deberán realizar.

VÁLIDO SÓ PARA EFECTOS ADMINISTRATIVOS

ANEXO III – B

**MODELO DE SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DO EXERCICIO COMPETENCIA Á XUNTA DE GALICIA
MEMORIA**

MEMORIA DO PROGRAMA DE AXUDAS DO CONCELLO DE _____ ADHERIDO AO PEL-REACTIVA: FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Ante a obriga por parte do Concello de _____ de informar da liña de axuda para a reactivación económica e social do municipio incluída no marco do Plan de emprego local da Deputación Provincial da Coruña, para comprobar a compatibilidade correspondente, emítese este informe para comunicar a dita actuación prevista para a anualidade 2020.

1. LIÑA DE ACTUACIÓN:

PROGRAMA DE AXUDAS DO CONCELLO DE _____ ADHERIDO AO PEL-REACTIVA: FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DO MUNICIPIO.

Finalidade: facilitar medios ás microempresas e persoas traballadoras por conta propia ou autónomas do Concello _____ adherido ao PEL-REACTIVA, para facer fronte ás consecuencias derivadas da crise motivada pola COVID- 19, e contribuír á súa recuperación e viabilidade no novo contexto socioeconómico post COVID- 19.

Beneficiarios/as das axudas: Estas axudas van dirixidas a persoas traballadoras autónomas con ou sen traballadores/as ao seu cargo e microempresas, calquera que sexa a súa

- Grupo I: Que se visen afectados polo peche en virtude do disposto no RD 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, e a súa modificación aprobada no RD 465/2020, do 17 de marzo.
- Grupo II: Que non se visen afectados polo peche, pero cuxa facturación no segundo trimestre fiscal de 2020 se vira reducida, polo menos, nun 75% en relación coa media efectuada no semestre natural anterior á declaración do estado de alarma. Cando a persoa física ou xurídica non leve de alta os seis meses naturais esixido para a acreditar a redución os ingresos, a valoración levarase a cabo tendo en conta o período de actividade.
- Grupo III: Que se viran na obriga de acollerse a un ERTE (Expediente de Regulación Temporal de Emprego), nos termos establecidos no RD 465/2020, do 17 de marzo.

Para os efectos destas bases, para a consideración de microempresa atenderase ao indicado no anexo I do Regulamento (UE) 651/2014, da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se decláran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado, publicado no Diario Oficial da Unión Europea (DOUE) L 187, do 26 de xuño de 2014, segundo o cal a categoría de microempresa está constituída por aquelas empresas que ocupan a menos de 10 persoas e cuxo volume de negocios anual ou balance xeral anual non excedan de 2 millóns de euros.

2. PLANIFICACIÓN TEMPORAL

Esta liña de axudas está previsto que se poña en marcha no segundo semestre do ano acorde cunha planificación axeitada previamente deseñada, conforme á dispoñibilidade orzamentaria para esta anualidade.

3. FINANCIAMENTO DA LIÑA DE AXUDA

A contía destinada a atender as solicitudes das axudas ascende a _____ € / virá determinada na Resolución da Presidencia da Deputación na que se confirma a adhesión do concello ao Fondo de Financiamento.

O 80% do orzamento finánciase con cargo ao Fondo da Deputación Provincial da Coruña e o 20% restante é financiado con fondos propios do Concello de _____

Opción A.O financiamento destas axudas por parte do Concello parte da consignación existente na aplicación orzamentaria que se detalla a continuación:

Denominación Liña Axuda	Aplicación Orzamentaria	Orzamento 2020

Opción B. O financiamento destas axudas parte da consignación da que poida chegar a habilitarse no expediente de modificación de crédito que se tramite / en tramitación.

ANEXO III – C

MODELO DE SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DO EXERCICIO COMPETENCIA Á XUNTA DE GALICIA
(COMUNICACIÓN)

Dirección Xeral de Administración Local
Vicepresidencia e Consellería de Presidencia
Administracións Públicas e Xustiza
Xunta de Galicia
Rúa de Madrid 2-4, 2º
15707 Santiago de Compostela

Mediante o presente escrito o Concello de _____ comunica a liña de axuda para a reactivación económica e social do municipio que se vai desenvolver na anualidade 2020 e propón a súa avaliación para comprobar a compatibilidade correspondente.

A documentación que se achega é a seguinte:

- Memoria da liña de axuda da anualidade 2020.
- Liquidación consolidada do exercicio inmediato anterior, xunto co respectivo informe da Intervención sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade, regra de gasto e débeda, incluíndo o estado de remanente de tesourería ao 31 de decembro do exercicio inmediato anterior.
- Situación actual da débeda viva, con detalle das operacións vixentes e cadros de amortización.
- Orzamento do exercicio vixente xunto co informe da Intervención sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade, regra de gasto e débeda.
- Informe da Intervención sobre o cumprimento da estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira coas novas competencias.
- Detalle e importes das partidas orzamentarias correspondentes á competencia para informar tanto de gastos coma de ingresos ou, de ser o caso, previsións das modificacións orzamentarias que se deberán realizar.

_____, de _____ de 2020

O/A Alcalde/sa
Asdo.

ANEXO IV

CERTIFICACIÓN DO ACORDO DE COMPROMISO DE ACHEGA MUNICIPAL DO 20%

Don/Dona, Secretario/a do
Concello de

En virtude do acordo adoptado por.....(resolución da
Alcaldía/acordo da Xunta de Goberno/Pleno), do díae consonte co informe expedido polo/a
titular do órgano interventor municipal,

CERTIFICO:

- Que o Concello se compromete a complementar a achega provincial cun 20% con cargo aos orzamentos propios, de conformidade co establecido nas normas reguladoras do PEL-REACTIVA: FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA e co límite establecido no anexo I Módulos que se han financiar.
- Que o Concello dispón de financiamento dabondo para cubrir a achega municipal do 20%,

....., de de 2020

Vº Bº e Conforme

O/A Alcalde/sa

VÁLIDO SÓ PARA EFECTOS INFORMATIVOS

ANEXO V

CERTIFICADO DAS AXUDAS CONCEDIDAS E ABOADAS

Programa.....:	
Obxecto da subvención.....:	
Don/Dona.....:	
Secretario/a da entidade.....:	

Consonte co informe expedido polo/a titular do órgano interventor municipal,

CERTIFICO:

- Que as axudas foron distribuídas entre as empresas/persoas traballadoras autónomas, beneficiarias, de conformidade coas normas do PEL-REACTIVA: FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA e as bases específicas reguladoras destas.
- Que o importe total das axudas concedidas e aboadas polo Concello, ascendeu a _____ euros.
- Que os gastos xustificativos de cada unha das subvencións concedidas, foron revisados e fiscalizados polo concello de acordo coas normas do Fondo e coas bases específicas reguladoras das axudas.

Expido esta certificación para que conste aos efectos oportunos

A entidade responsabilízase sobre a veracidade da información, que a Deputación da Coruña poderá comprobar en calquera momento.

Vº Bº e Conforme
O/A Alcalde/sa

ANEXO VI

CERTIFICACIÓN DOS INGRESOS OBTIDOS

Programa.....:	
Don/Dona.....:	
Secretario/a da entidade.....:	

Consonte ao informe expedido polo/a titular do órgano interventor municipal,

CERTIFICO: (marque só unha opción)

<input type="checkbox"/>	A entidade non obtivo outros ingresos públicos nin privados para o mesmo obxecto que o subvencionado pola Deputación da Coruña
<input type="checkbox"/>	A entidade obtivo as subvencións, axudas, ingresos ou recursos que se inclúen na táboa seguinte para o mesmo obxecto que o subvencionado pola Deputación da Coruña:

TABOIA DE INGRESOS

Procedencia (Entidade concedente, usuarios, etc.)	Importe
Deputación da Coruña	
TOTAL INGRESOS	

Expido esta certificación para que conste aos efectos oportunos

A entidade responsabilízase sobre a veracidade da información, que a Deputación da Coruña poderá comprobar en calquera momento.

Vº Bº e Conforme
O/A Alcalde/sa

ANEXO VII

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Don/Dona, en calidade de alcalde/sa-presidente/a do concello de

DECLARO:

- 1.- Que a concesión das axudas foi realizada de conformidade co establecido nas bases reguladoras do PEL-REACTIVA: FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA.
- 2.- Que a concesión das axudas foi realizada de acordo cos principios de publicidade, concorrencia, igualdade, mérito e non discriminación.
- 3.- Que o concello cumpriu a obriga de facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información que se realizou da actividade subvencionada.
- 4.- Que o concello cumpriu a obriga de completar co 20% a achega provincial concedida
- 5.- Que os resultados obtidos foron os seguintes:

RESULTADOS OBTIDOS:

VÁLIDO SÓ PARA EFECTOS DE FORMALIZACIÓN

ANEXO VIII

SOLICITUDE DA AXUDA MUNICIPAL

DATOS DO/A SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL	NIF/NIE/CIF	
ENDEREZO	C.P.	
LOCALIDADE	PROVINCIA	
LOCALIDADE DO CENTRO DE TRABALLO		
TELÉFONO/S	CORREO ELECTRÓNICO	PÁXINA WEB
TIPO DE EMPRESA	<input type="checkbox"/> PERSOA FÍSICA <input type="checkbox"/> PERSOA XURÍDICA	
DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE ECONÓMICA		

DATOS DE REPRESENTACIÓN: (no caso de non coincidir co/a solicitante)

APELIDOS E NOME	DNI/NIE
EN CALIDADE DE	<input type="checkbox"/> TITULAR <input type="checkbox"/> REPRESENTANTE

SOLICITA:

Que lle sexa concedida unha subvención ao abeiro da convocatoria de axudas do Concello de....., no marco do PEL-REACTIVA: FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA, do Plan de emprego local da Deputación da Coruña.

ANEXO IX

DECLARACIÓN RESPONSABLE DO CUMPRIMENTO DE REQUISITOS E OBRIGAS

D./Dna. _____, provisto/a de NIF/NIE nº. _____, en representación de _____, con CIF nº. _____, solicitante das axudas do Concello de _____ convocadas ao abeiro do PEL-REACTIVA: FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA, do Plan de emprego local da Deputación da Coruña,

DECLARA:

- Que reúne os requisitos para ser beneficiario/a das axudas do Concello de _____, no marco do PEL-REACTIVA: FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA.
- Que pertence a algún dos grupos de beneficiarios/as indicados a continuación (marque o que proceda):

<p>Grupo I: Afectado/a polo peche en virtude do disposto no RD 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, e a súa modificación aprobada no RD 465/2020, do 17 de marzo.</p> <p>A empresa deberá ter a disposición do Concello a documentación acreditativa do cumprimento desta condición</p>	<input type="checkbox"/>
<p>Grupo II: Non afectado/a polo peche, pero cuxa facturación no segundo trimestre fiscal de 2020 se vise reducida, polo menos, nun 75% en relación coa media efectuada no semestre natural anterior á declaración do estado de alarma. Cando a persoa física ou xurídica non leve de alta os seis meses naturais esixido para a acreditar a redución os ingresos, a valoración levarase a cabo tendo en conta o período de actividade.</p> <p>A empresa deberá ter a disposición do concello a documentación acreditativa do cumprimento desta condición</p>	<input type="checkbox"/>
<p>Grupo III: Obrigado/a a acollerse a un ERTE (Expediente de Regulación Temporal de Emprego), nos termos establecidos no RD 465/2020, do 17 de marzo.</p> <p>A empresa deberá ter a disposición do concello a documentación acreditativa do cumprimento desta condición</p>	<input type="checkbox"/>

- Que na súa empresa se cumpren as seguintes condicións (marque o que proceda):

Tipo de empresa <i>Datos referidos á data de publicación da convocatoria</i>	Empresario/a individual (autónomo/a), e empresa entre 6 e 9 asalariados	<input type="checkbox"/>
	Empresario/a individual (autónomo/a), e empresa entre 2 e 5 asalariados	<input type="checkbox"/>
	Empresario/a individual (autónomo/a), e empresa cun só asalariado/a	<input type="checkbox"/>
	Empresario/a individual (autónomo/a) sen asalariados	<input type="checkbox"/>
Forma xurídica da empresa <i>Datos referidos á data de publicación da convocatoria</i>	Enmarcada na economía social: cooperativas e sociedades laborais	<input type="checkbox"/>
	Outras con personalidade xurídica	<input type="checkbox"/>
Nº mulleres contratadas ⁽¹⁾ <i>Datos referidos á data de publicación da convocatoria</i>	Entre 6 e 9	<input type="checkbox"/>
	Ata 5	<input type="checkbox"/>
Nº persoas discapacitadas contratadas ⁽¹⁾ <i>Datos referidos á data de publicación da convocatoria</i>	Entre 6 e 9	<input type="checkbox"/>
	Ata 5	<input type="checkbox"/>
Nº menores de 30 anos contratados/as ⁽¹⁾ <i>Datos referidos á data de publicación da convocatoria</i>	Entre 6 e 9	<input type="checkbox"/>
	Ata 5	<input type="checkbox"/>
Emprego da lingua galega	Emprego da lingua galega na realización das actividades ou conductas para as que se solicita a axuda	<input type="checkbox"/>
(1) As persoas contratadas deben computarse a tempo completo. No caso de contratos a tempo parcial, computarán na porcentaxe equivalente con relación a un contrato a tempo completo.		

DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA QUE PODE SER REQUIRIDA

O/a solicitante está obrigado a ter a disposición do concello a seguinte documentación para o caso de ser requirida:

A. En caso de persoa física:

- a) DNI ou NIE, só no caso de non ser a mesma persoa que fai a presentación telemática.
- b) Certificado de vida laboral do/a autónomo/a no que conste a data de alta no RETA (no caso de que o/a solicitante sexa persoa física) actualizado
- c) Certificado de Situación Censal da Axencia Estatal Tributaria actualizado
- d) Resolución/certificación da alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos ou a Mutua profesional correspondente
- d) Informe de vida laboral da empresa expedido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social no que se inclúa o número de traballadores/as a data do 1 de marzo de 2020
- e) Documento acreditativo da concesión da prestación extraordinaria por cese de actividade ou da concesión do ERTE no caso de que proceda.
- f) Contrato/s de traballo no caso de que teña asalariados ao seu cargo
- g) Certificados de estar ao corrente coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e coa Seguridade Social e coa Axencia Tributaria de Galicia, ou autorización para a súa obtención por parte do concello, de ser o caso

B. En caso de microempresas:

- a) NIF da persoa xurídica, só no caso de non utilizar certificado de representante
- b) Escritura de constitución da entidade e as súas modificacións ou variación posteriores (de as haber), ou calquera outro documento análogo no que figuren os estatutos, estipulacións ou contratos privados, así como a inscrición no rexistro público correspondente no caso de estar obrigados (no caso de que o/a solicitante sexa persoa xurídica)
- c) Contrato de constitución da sociedade civil
- e) Acreditación dos poderes da persoa administradora e da que presenta a solicitude en caso de non ser a mesma persoa
- f) Certificado de Situación Censal da Axencia Estatal Tributaria actualizado
- g) DNI ou NIE da persoa administradora, no caso de non ser a mesma que fai a presentación telemática
- h) Documento acreditativo de concesión do ERTE, se procede
- i) Contrato/s de traballo dos/as asalariados/as ao seu cargo
- j) Certificados de estar ao corrente coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AET) e coa Seguridade Social e coa Axencia Tributaria de Galicia, ou autorización para a súa obtención por parte do concello, de ser o caso
- k) TC1 e TC2
- l) Declaracións tributarias relativas a 2020 e o 2º semestre de 2019
- ll) Documento acreditativo da concesión da prestación extraordinaria por cese de actividade
- m) Documentación contable da actividade económica desenvolvida

- Que se compromete a cumprir coas obrigas dos/as beneficiarios/as da subvención, singularmente relacionadas na Base 14 "Obrigas das persoas beneficiarias das axudas" das reguladoras da axuda solicitada..

- Lin o significado legal de “declaración responsable”, conforme o expresamente disposto no artigo 69.1 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas (publicada no BOE núm. 236, do 02/10/2015):

“Para os efectos desta lei, entenderase por declaración responsable o documento suscrito por persoa interesada na que este manifesta, baixo a súa responsabilidade, que cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente para obter o recoñecemento dun dereito ou facultade ou para o seu exercicio, que dispón da documentación que así o acredita, que a poñerá á disposición da administración cando se lle requira, e que se compromete a manter o cumprimento das anteriores obrigas durante o período de tempo inherente a este recoñecemento ou exercicio.

Os requisitos aos que se refire o parágrafo anterior deberán estar recollidos de maneira expresa, clara e precisa na correspondente declaración responsable. As administracións poderán requirir en calquera momento que se achegue a documentación que acredite o cumprimento dos mencionados requisitos e o/a interesado/a deberá achegala.”

Asinado dixitalmente, de de 2020

A Coruña, 10 de agosto de 2020.

O Presidente

O secretario

Valentín González Formoso
(1)

José Luis Almau Supervía